

# O MONTE

Revista da Asociación Forestal de Galicia



**Novidades fiscais para os propietarios forestais**

**O recurso madeireiro nos montes de Galicia**

**O uso público dos camiños forestais**

**Lugares prohibidos para plantacións forestais**

# De boa raíz

Traballando na mellora xenética do eucalipto desde fai 10 anos, seleccionando ano tras ano as mellores sementes.

As raíces pivotantes dos nosos eucaliptos procuran unhas plantas resistentes fronte a pragas, secas e temporais.

*Traballa tranquilo,  
tes o noso asesoramento e a nosa garantía.*



**Novo**

**Agroblen<sup>®</sup>**  
**Eucalyptus**

Xa á venda o novo fertilizante Agroblén<sup>®</sup> Eucalyptus enriquecido con fósforo e boro.



# O sector forestal galego, por primeira vez unido

Francisco J. Fernández de Ana Magán  
Presidente

**DENDE HAI ALGÚN ANOS VIMOS DENDE A AFG** tentando traballar conxuntamente coas outras organizacións do sector forestal. Ao longo do pasado ano fomos quen de xuntarnos e demostrar que é máis o que nos une que o que nos separa, se non empregamos criterios políticos e deixamos os personalismos. Non sei se o bo resultado foi debido á crise económica, que nos fixo máis prácticos, ou foi por mor da madurez que as organizacións acadamos ao longo das pasadas décadas nas que a Administración xogou con nós dividindo o sector para sacarlle forza representativa.

Esta nova andaina está baseada no diálogo e no convencemento de que xuntos temos máis forza e unha maior representatividade tanto diante dos poderes políticos como da sociedade galega. Foi un ano de reflexión conxunta no que se tiveron analizado distintos documentos que foron presentados polo Goberno Galego e que son de moita importancia para o noso monte. Entre outros salientamos:

O novo Plan Forestal de Galicia que supuxo un esforzo moi grande de traballo para as organizacións pero que dou, en boa medida, os seus froitos cun documento de consenso que establece as directrices básicas para a redacción deste plan.

A xestión da Rede Natura 2000 e a súa incidencia na actividade forestal, xunto co seu Plan Director, que debe adaptarse ás necesidades dos silvicultores, baixo risco de aumentar o grao de abandono do rural galego.

O Plan de Desenvolvemento Rural aprobado por Bruxelas no que se mantivo unha loita forte polos recursos a compartir con outros sectores produtivos agrarios e que tivo como resultado un incremento consistente dos fondos asignados ao sector forestal, que esperamos se vexa reflectido nas axudas ata 2020.

O proxecto de Lei do solo tivo unha forte dedicación por parte das organizacións do sector forestal. Todos os grupos políticos do Parlamento de Galicia foron informados dos problemas que carrexaría o texto de aprobarse nos termos en que foi presentado ao Parlamento. A nova lei, aprobada recentemente, non recolle as demandas do sector polo que haberá que continuar traballando para adaptala ás necesidades do medio rural e, en particular, do monte.

Ademais disto tivemos unha constante intervención conxunta diante da administración forestal que dou bos resultados en sanidade forestal (control biolóxico do goniptero) e fiscalidade (desgravación do 100% no Imposto de sucesións e no de transmisións patrimoniais).

Ao mesmo tempo fomos conseguindo que funcionen mellor as diferentes institucións que nos representan como son a Mesa da Madeira, o Consello Forestal e mesmo as colaboracións cos grupos parlamentarios no Parlamento Galego.

Diante deste suceso colectivo sería bo ser máis ambiciosos e chegar a constituír un órgano que represente a maioría do sector forestal galego non soamente a nivel galego senón que tamén español e mesmo europeo. Temos que amosar a realidade dun sector tan potente e convencer á nosa sociedade da importancia do mesmo.

Soñar non custa diñeiro e temos necesidade de demostrar a nosa capacidade de producir riqueza e benestar para este país.

# Sumario



## 5 ACTUALIDADE

Novidades fiscais para os propietarios forestais

## 10 ENTREVISTA

José Oca Pena. Propietario forestal en Mañón

Entrevista a José Ramón Justo Feijóo. Director da Federación de Razas Autóctonas de Galicia (BOAGA)



## 20 SILVICULTURA

Restricións ás plantacións forestais

Autoctonía (e aloctonía), en especies forestais

A resinación e as súas posibilidades de encaixe nos piñeirais de Galicia

ESPECIAL: O recurso madeireiro nos montes de Galicia: situación e mercado

## 31 LEXISLACIÓN

Plan Forestal de Galicia



## 34 FISCALIDADE

La evolución del monte gallego. Un largo camino desde el desastre hasta la silvicultura activa

## 37 ASEMBLEA

XXIX asemblea anual da Asociación Forestal de Galicia

## 38 SANIDADE FORESTAL

Situación actual da sanidade forestal



## 40 FORMACIÓN

Viaxe lúdico-formativo a Estremadura

## 41 NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS

## 42 NOTICIAS BREVES

## 48 AXENDA

## 49 MADEIRA

**Edita:** Asociación Forestal de Galicia \_ **Consello de redacción:** Francisco J. Fernández de Ana Magán, Francisco Dans del Valle, Julio Ruiz Cagigal, Braulio Molina Martínez e M<sup>a</sup> Cristina Verde Figueiras\_ **Equipo de redacción:** Francisco J. Fernández de Ana Magán, Xosé Covelo Míguez, Francisco Dans del Valle, Enrique García Martínez, Braulio Molina Martínez, Julio Ruiz Cagigal, Celina Veiga Hortas e M<sup>a</sup> Cristina Verde Figueiras \_ **Coordinación:** M<sup>a</sup> Cristina Verde Figueiras \_ **Deseño e maquetación:** seteseoito \_ **Fotografía de portada:** M<sup>a</sup> Cristina Verde Figueiras \_ **Fotografías:** Rafael Abuín Aido, Centro de Investigación Forestal de Galicia, Xosé Covelo Míguez, Federación de Razas Autóctonas de Galicia, Carlos García Vázquez, Juan Manuel Miranda del Moral, Braulio Molina Martínez, José Manuel Regueiro Fernández, Resfor Trabajos Forestales C.B., RESIPINUS - Associação de Destiladores e Exploradores de Resina, Daniel Rodríguez Cebreiro, Celina Veiga Hortas, M<sup>a</sup> Cristina Verde Figueiras \_ **Imprime:** Gráficas Garabal S.L. \_ **ISSN** 1699-5457 \_ **Sede Central:** Rúa do Vilar, nº 33, 1º 15705 Santiago de Compostela Tel.: 981 564 011 Fax: 981 563 379 asforgal@iies.es \_ **Oficina en Xinzo-Ponteareas:** Centro Cultural de Xinzo 36891 Ponteareas (Pontevedra) Tel. e fax: 986 660 864 afgxinzo@iies.es.

A Asociación Forestal de Galicia é membro fundador da Unión de Silvicultores do Sur de Europa (USSE), da Confederación de Organizaciones de Selvicultores de España (COSE), do Instituto Europeo do Bosque Cultivado (IEBC), da Confederación Europea de Propietarios Forestais (CEPF), da Asociación para a Certificación da Xestión Forestal Sostible (PEFC-España) e da Plataforma Tecnolóxica Forestal Galega-DEVESA.





# Novidades fiscais para os propietarios forestais

## A Xunta de Galicia acepta as reivindicacións dos propietarios de montes

A XUNTA DE GALICIA no mes de decembro pasado aprobou unha importante disposición que lle permite aos propietarios de montes beneficiarse de desgravacións no Imposto sobre sucesións e doazóns e no de transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados.

A redución da cota do imposto para as operacións que afecten aos terreos rústicos é do 100%. Quere isto dicir que se exime dos citados impostos as vendas de montes ou terreos forestais así como as transmisións que teñan a cualificación de solo rústico (terreos agrícolas e forestais que non se vexan afectados por ningunha das excepcións que contempla a lei).

Por outra parte, tamén se modificou o Imposto sobre sucesións e doazóns, de maneira que as transmisións hereditarias de propiedades forestais teñen unha desgravación do 100% da cota do imposto para aquelas transmisións que non superen 400.000 euros.

Con esta disposición os propietarios forestais galegos poderán beneficiarse finalmente dunhas medidas que teñen sido reclamadas pola Asociación Forestal de Galicia en numerosas ocasións para acabar cun agravio comparativo cos titulares de explotacións agrícolas e gandeiras.

Estas medidas representan tamén un impulso ao mercado de terras forestais, favorecendo ao mesmo as concentracións de terreos e o aumento do tamaño das explotacións que os propietarios pretenden xestionar de acordo con criterios modernos e de xestións forestal sostible, contribuíndo a frear o paulatino proceso de abandono dos montes, con todas as consecuencias que isto carrega.

O texto íntegro da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (Diario Oficial de Galicia do 31 de decembro de 2015) que recolle estas disposicións, pódese consultar no apartado “Fiscalidade” da páxina web da Asociación Forestal de Galicia •

# O uso público socio-recreativo dos montes privados e a súa compatibilidade coa actividade forestal



Daniel Rodríguez Cebreiro e Julio Ruiz Cagigal  
Asociación Forestal de Galicia

Nos últimos anos aconteceron nos montes galegos accidentes relacionados coa práctica do deporte, algúns moi graves, que puxeron sobre a mesa a necesidade de traballar na procura dun escenario que limite, na medida do posible, os riscos que poida ter a práctica do deporte no monte. Neste artigo analízase a normativa existente en relación co uso do monte para que poida servir de información de base para abrir vías de diálogo que permitan compatibilizar a xestión forestal que un monte necesita coa práctica deportiva no mesmo.

**En Galicia, case a totalidade da superficie de monte é privada.** Os montes poden ser públicos ou privados. No resto de España, unha parte importante dos montes son públicos, normalmente pertencen ás entidades municipais onde se sitúan. Non

acontece o mesmo en Galicia, onde a práctica totalidade dos montes son privados. Entre estes atópanse os montes veciñais en man común, que pertencen colectivamente ás respectivas comunidades veciñais e son os veciños comuneiros, que viven na entidade de poboación á que o monte estea asignado, os únicos propietarios dese monte veciñal.

O dereito á propiedade privada reconécese na Constitución Española polo reconecemento da función social da propiedade. Tamén se reconece na Constitución, certo é, o dereito das persoas ao libre tránsito. Estes dous dereitos conviven nun equilibrio que ás veces tórnase inestable, sobre todo cando se está a falar de espazos abertos, como pode ser o monte. En consecuencia, e ante unha posible confrontación de dereitos, é necesario chegar a un consenso sobre o acceso público aos montes.

**A regulación do uso social e recreativo.** O lexislador, no artigo 84 da Lei 7/2012, de montes de Gali-

cia, indica que “serán, entre outros, servizos característicos dos montes aqueles relacionados coas actividades sociorecreativas, sexan turísticas, culturais ou deportivas, a paisaxe, a protección dos recursos hídricos e do solo e a cultura forestal. Compatibilizar o uso forestal co social e recreativo nun monte non resulta doado.

A dificultade de compatibilizar ambos usos non deriva de que eses usos sexan antagónicos. Na realidade, é o uso forestal o que complementa aos outros: as persoas queren desenvolver actividades deportivas e de lecer no monte precisamente porque o entorno natural, principalmente forestal, propicia a práctica dese tipo de actividades. A dificultade estriba, máis ben, no risco intrínseco que ten a actividade forestal derivado do uso de maquinaria pesada e o desenvolvemento de traballos de risco (a corta de madeira, por exemplo), que poden facer perigar a integridade física das persoas que se acerquen ao monte. A este risco latente tamén habería que engadir o risco de que a práctica de actividades deportivas poidan pór en perigo hábitats sensibles, e prexudicar as actuacións que se estean a desenvolver para a recuperación dos mesmos, se non son desenvoltas coa sensibilidade suficiente.

Probablemente, por todo o anterior, o lexislador introduciu unha serie de limitacións que buscan preservar o medio natural no espazo forestal e permitir usos que non prexudiquen de forma notoria o desenvolvemento da actividade forestal que, en definitiva, será a que permitirá que ese medio natural se manteña no futuro.

**O acceso público aos montes na lexislación forestal.** A Lei 21/2015, do 20 de xuño, de montes (estatal) establece no seu artigo 54 bis que “o acceso público aos montes será obxecto de regulación polas Administracións Públicas competentes”. A partir de aquí, son as Comunidades Autónomas as que teñen que definir as condicións para o tránsito de vehículos e persoas polos montes distinguindo entre tránsito con vehículos a motor e tránsito non motorizado polos montes. Con respecto a este último, isto é, a pé, a cabalo ou en bicicleta, apenas está regulado nas normas, salvo na lexislación vinculada á prevención de incendios onde, a Lei 3/2007 indica que “non estará permitido acceder, circular ou permanecer nos montes que se sitúen en concellos declarados como zonas de alto risco así como nos camiños forestais, camiños rurais e outras vías que as atravesan”. Esta limitación só é de aplicación naque-



Danos ocasionados pola circulación de motos e quads no monte veciñal de San Xurxo (Ferrol).

les días nos que o risco diario de incendio forestal sexa moi alto ou extremo. Fóra desta limitación, de coñecemento para moitas das persoas que acceden con regularidade ao monte, nos montes privados o tránsito a pé, a cabalo ou en bicicleta só debe realizarse por aqueles camiños ou sendeiros expresamente habilitados para tal fin e, en todo caso, non debería circularse por aquelas pistas ou camiños de titularidade privada onde estea sinalizada, de forma visible, unha limitación de acceso.

**A titularidade catastral das pistas forestais.** É frecuente que á hora de identificar a titularidade dunha pista forestal se acuda ao Catastro que, desgraciadamente, manexa unha información de calidade ínfima no ámbito forestal. É por iso que, no caso das pistas situadas en montes privados, é moi común que aparezan representadas como de titularidade municipal ou doutras entidades públicas (Deputación, Estado...) cando, na maior parte dos casos e sobre todo no caso dos montes veciñais, son dende sempre camiños privados xa que a maioría de pistas de terra que existen nos montes só cumpren unha función de servizo para o propio monte: explotación forestal, defensa contra incendios, aproveitamentos tradicionais (leñas, pastos, esquilmes...). A este respecto, convén lembrar que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, “son bens de uso público



Cartel no monte veciñal de Ribadetea (Ponteareas).

local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xerais nas que a conservación e policía sexan competencia da entidade local”. Sen embargo, as pistas forestais non son de uso xeral e a conservación, mantemento e mellora destas infraestruturas é realizada polos propietarios.

**Limitacións ao tránsito e uso establecidas na Lei de montes de Galicia.** Menos coñecidas resultan as limitacións establecidas para o tránsito e uso na Lei 7/2012, de montes de Galicia. Nesa Lei, e derivado da premisa básica establecida ao longo dela de garantir que o uso forestal sexa prioritario, marca unha serie de limitacións que procuran que o acceso das persoas non repercuta negativamente, nin na xestión que se realiza nos montes, nin nos hábitats que se poden atopar neles.

As limitacións de maior calado en relación ao acceso e uso do monte están establecidas no artigo 98. A idea xeral de que se pode transitar por calquera pista do monte por considerala “de uso público” non se axusta á lexislación xa que, sen importar a titularidade do mesmo e sempre que non pertenza á rede de estradas (os menos), un camiño só estaría vinculado á xestión forestal. E o lexislador aínda fai maior énfase nesa limitación establecendo que “en ningún caso” terá a consideración de acceso público rodado para os efectos previstos na lexislación urbanística. Esta vincula-

ción do uso do camiño coa xestión agroforestal limita de xeito drástico o uso deportivo dun monte (que na meirande parte dos casos está declarado como solo rústico de protección forestal) se iso implica o tránsito rodado por el. A actividade cinexética e a piscícola non están afectadas por esta prohibición establecida no artigo 98.1 por canto o lexislador incluíunas dentro do termo “xestión agroforestal”.

Fóra dos montes que teñan a clasificación de solos rústicos de protección forestal, a Lei de montes de Galicia tamén establece unha serie de limitacións que, neste caso, só afectan aos vehículos a motor, polo que todo tránsito de vehículos sen motor (por exemplo bicicletas) si estaría autorizado. No caso de vehículos con motor, a súa circulación por pistas forestais que non sexan de uso público ou situadas fóra da rede de estradas quedaría limitada:

- Ás servidumes de paso a que houber lugar, e non se poderá facer en actitude de conducción deportiva;
- Á xestión agroforestal, incluída a actividade cinexética e piscícola;
- Aos labores de vixilancia e extinción das administracións públicas competentes.

**Necesidade do consenso para desenvolver o marco necesario para alcanzar a compatibilidade de usos no monte veciñal.** Aínda que a normativa o avalaría na maior parte dos casos, a maior parte das comunidades de montes non teñen intención de prohibir o acceso aos seus montes. Son conscientes de que cun monte vivo, cheo non só de vexetación e fauna, senón tamén de persoas, todos gañamos. Consideran que os montes veciñais, aínda sendo de titularidade privada, deben estar abertos á sociedade e así o demostran habilitando áreas recreativas, sendeiros, etc.

Resulta obvio que comunidades de montes que habilitaron innumerables parques forestais nos seus montes, que están a loitar porque se poidan usar plenamente en calquera época do ano, que deseñan e promoven sendeiros e que habilitan accesos para que as persoas poidan achegarse a calquera recuncho deles, non o estarían a facer se a súa intención fose pechar o monte a todo aquel que non fose comuneiro.

Pero esa apertura necesita consenso. Un consenso derivado do respecto a un monte que non pode ser usado de calquera forma. Monte que ademais é privado, polo que tamén se debe aceptar que o seu dono terá algo que dicir en relación



Participantes do II Trail Montes de Vigo ao seu paso polo monte veciñal de Valladares en setembro de 2015.

É frecuente que as pistas forestais situadas en montes privados figuren no Catastro como de titularidade municipal ou doutras entidades públicas cando realmente son camiños privados

ao seu uso. A Lei de montes de Galicia contempla esa posibilidade de que se compatibilicen usos e non se limite o acceso xa que no artigo 98.3 abre a porta a que os titulares das pistas forestais, tras a autorización da administración forestal, poidan regular o tránsito aberto motorizado por elas. Polo tanto, é necesario crear o escenario para que, entre a propiedade e os usuarios, se poidan establecer as pautas de uso do monte veciñal coas seguintes premisas:

- Os traballos silvícolas son necesarios e deben respectarse;
- As infraestruturas, sobre todo as pistas forestais, deben ser usadas coa sensibilidade suficiente como para que perduren no tempo xa que o monte non achega rendas suficientes que poidan permitir o seu mantemento anual;
- Os hábitats naturais deben ser respectados e coidados por todos xa que iso permitirá gozar

dun entorno natural que aumenta o noso goce na práctica do deporte;

- A figura do propietario debe ser respectada como tal e entender que dedica moito tempo, esforzo e recursos para coidar ese monte;
- A propiedade debe desenvolver os traballos no seu monte coa sensibilidade suficiente como para garantir o uso actual e futuro por parte de todas esas persoas que se acercan ao monte con actitude respectuosa co entorno, adecuando, na medida do posible, os seus instrumentos de xestión a ese fin.

Este diálogo proposto ten máis transcendencia cando estamos a falar das actividades de maior risco e impacto no entorno pola incidencia que as mesmas poden ter na xestión.

O risco de accidentes no monte é alto e, polo tanto, debe ser prioridade de todos tratar de evitalos. Unha maior afluencia de persoas ao monte implica un aumento do risco e os seguros que cobren a actividade forestal non contemplan eses escenarios de uso compatible e, aínda tendo en conta que a normativa establece que, no caso de utilizar as pistas forestais, o usuario será, en todos os casos, o responsable dos danos ou prexuízos que se poidan ocasionar, tanto a si mesmo como a terceiros, esta situación provoca moita incerteza no xestor do monte.

É obvio que o risco de accidente sempre existirá, pero está nas mans de todos nós facer o posible para que ese risco sexa o menor posible •

# José Oca Pena

## Propietario forestal en Mañón



José Oca Pena é propietario forestal no concello de Mañón. Posúe ao redor de 10 ha de monte en parcelas de pequeno tamaño plantadas con coníferas, castiñeiro e eucaliptos. O concello de Mañón está situado ao norte da provincia da Coruña servindo de límite coa provincia de Lugo a través do río Sor, cunha configuración alongada de 27 km de longo por 3 de ancho e unha orografía moi accidentada. Ao redor do 44% da superficie municipal é forestal arborada (3.700 ha), a maior parte de montes de particulares, só existen tres comunidades de montes veciñais en man común.

—¿Cal é a orixe das propiedades forestais que xestiona?

Na súa meirande parte son herdanza da miña familia (pais e tíos) e logo hai unha parte que fun comprando eu pouco a pouco, sempre que había algún estremeiro interesado en vender. Todo o que comprei foi por estrema dalgunha parcela que xa era miña para poder ir facendo parcelas de maior tamaño.

Aquí en Mañón temos moito minifundio. Na década dos 80 tivemos ocasión de facer a concentración parcelaria pero os veciños non quixeron e perdemos unha gran oportunidade.

—¿Daquela, que solución lle ve vostede a este atranco?

Solución non ten, pero para solucionar, poñamos, un 70% dos casos, había que fomentar as permutas se o custo non fora tan elevado. Pero é que hoxe en

día custa máis unha permuta ca o prezo do terreo; a Consellería de Facenda aplica unhas valoracións estratosféricas das parcelas, aquí en Mañón manexan cifras que van desde os 0,77 €/m<sup>2</sup> ata 1,78 €/m<sup>2</sup> e así non hai quen permute. Aplícanlle os mesmos valores cás compravendas, que xa están moi penalizadas. A xente só as fai se un terreo lle entra dentro da casa, se non, xa non o fai. ¿Quen vai pagar 8 ou 18 mil euros por unha hectárea de terreo forestal ou agrario na montaña de Mañón?

—O gando sen dono tenlle causado moito mal nas súas propiedades forestais ¿solucionouse o problema?

Non, non se solucionou nin parece que se vaia solucionar e non sabemos por que. O problema vén de vello pero agravouse desde hai uns 15 anos para acá cando as aldeas foron quedando sen xente. Na serra da Curiscada, entre Ortigueira e Mañón hai un rabaño de vacas e un touro, sen teórico dono, que ás veces son 15 e outras veces poden chegar ata 30, e desde entón non paran de facer dano tanto nas parcelas forestais como nas poucas que inda se practica algo de agricultura e gandería. Fixemos denuncias ante o Seprona, a Xunta de Galicia e o Concello, e non hai maneira de que nos presten atención. Tamén hai un rabaño de cabalos dende hai dous anos, que tamén causa danos, pero menos graves ca os das vacas.

—¿Como cambiou a aparición deste gando a xestión da terra en Mañón?

Incrementou inda máis os gastos e provocou o abandono de moitas parcelas que inda se ían cuidando. O concello de Mañón era un concello fundamentalmente agrícola e forestal, pero desde a década dos sesenta do pasado século sufriu un forte despoboamento, xa queda moi pouca xente vivindo nas aldeas do interior. Pero inda hai xente que vén regularmente coidar o seu gando, a horta ou os montes. A aparición do rabaño de vacas sen dono foi a causa de que moitas destas persoas abandonaran a terra. É desolador cando chegas un fin de semana coidar a túa horta, ou podar ou recoller o gando, e ver que todo foi arrasado polas vacas salvaxes. Teño visto xente chorar cando lle arrasaron cunha finca de grelos listos para vender, ou cando chegou á súa parcela e en vez de ter as súas vacas pacendo estaban as bravas e ás outras fixéranas fuxir.

Xa tiñamos abondo coas pragas, cos vendavais e co corzo como para ter que sufrir outro problema. Se un quere manter as súas plantacións vese obrigado a pechar as fincas, pero os peches son moi caros e o prezo da madeira vai baixando, este é un gasto antes innecesario. Pero se non pechamos non vai nada arriba. Aquí nunca se vira unha plantación rodeada de



José Oca debaixo dos seus piñeiros de Oregon de 18 anos de idade.

arames, pero a vaca come o nitens ata 1 m de altura como mínimo, sen embargo o corzo estraga menos.

—¿As denuncias non xurdiron efecto?

Ningún, e así non podemos seguir, é unha situación insostible e inda por riba ninguén nos fai caso, precisamos unha actuación política e administrativa. E mira que en Ortigueira e Mañón se non é pola madeira, nestes momentos estaríamos todos pedindo polas portas. O leite vai mal, a carne tamén, o plan de pesca cero. Agora mesmo do que se vive é do forestal. Así que creo que non é moito pedir que actúen para sacarnos este problema do medio.

—¿Ten algún outro contratempo na súa actividade forestal?

O gando sen dono e as pragas. Eu o único que lle pido á Administración, é que nos saquen as pragas (e o gando), que nos formen e nos deixen traballar tranquilos.

Formación é o que nos falta, non multas. Eu se teño algunha formación é grazas á Asociación Forestal de Galicia, e outros propietarios que non se asocian deberían asociarse porque coa súa formación ganaríamos todos.

A Administración non pode estar unicamente para cobrar ou para sancionar. Así non imos a ningún lado. A intervención ten que ser en sentido positivo, non para desanimarnos inda máis. Se nós estamos ben informados faremos as cousas ben e non fai falla multarnos.

—Pero así e todo, segue cultivando o monte. ¿Cal é para vostede a maior satisfacción como silvicultor?

Ver medrar as árbores. Así de simple, por riba do rendemento económico. É non é que me sobren os cartos, pero cando me vexo debaixo das miñas pseudotugas, xa fóra de perigo, é unha felicidade. Ademais gústame a riqueza que eu creo coas miñas plantacións a outras persoas: madeireiros, talleres de reparación, vendedores de maquinaria, carpinteiros... e como non, ao conxunto da sociedade cos beneficios que reportan as árbores no monte. Eu fun mecánico ata o ano pasado que me xubilei e un dos meus desexos é poder facer un cálculo sobre a cantidade de CO<sub>2</sub> que absorben as miñas árbores e expresalo en número de coches que contaminan. Poder dicir, pois as miñas árbores absorben o CO<sub>2</sub> de "x" coches.

—**¿Cómo ve o futuro dos seus montes? ¿Considera que as persoas xoves teñen interese polo monte?**

Véxoo ben, á miña filla véxolle interese polo monte pero, en xeral, aos xoves coído que non lles interesa. Calculo que dos propietarios que inda coidan o monte, tan só un 10%, ou inda algo menos, dos seus descendentes teñen interese por seguir facéndoo. Pero o problema é que van vivir a mesma situación ca nós, a isto hai que darlle un xiro, que ademais non custa nada, soluciónase cun policía menos en San Caetano, pero non hai vontade de facer nada polo monte.

Eu empecei tarde a xestionar os montes, cando meu pai dixo que el non podía seguir facéndoo. A miña idea é que nestes momentos eu xa non debía estar aquí, teño 66 anos e xa lle debía pasar a xestión principal e a produción á miña filla. O relevo xeracional debe ser pronto para non perder o oficio. Os franceses cortan a madeira de seus pais e plantan a dos seus fillos. Eu xa cortei a que plantaran meus pais e meus tíos e esta debe ser agora para os meus fillos.

Por outra parte, os rapaces teñen que vivir o noso interese polo monte desde pequenos, porque o que se ve de pequeno, sempre queda. A min o gusaníño venme de cando era rapaz; meu pai era zoqueiro e eu ía con el buscar os bidueiros para facer os zocos, cando cortaba un pé sempre se paraba a podar e limpar outros dous ou tres que quedaban, limpábao como se fose a mesa da cociña, quitáballe as hedras porque dicía que deixaban marcada a madeira, e eu inda o sego facendo.

—**¿Que recomendación lle daría a unha persoa que se inicie como silvicultor, despois dos seus 34 de experiencia como tal?**

O primeiro consello é que se faga cunha parcela con bastante superficie e despois que aprenda a cultivar, que escolla ben as especies axeitadas e, sobre todo, que diversifique a produción, que non

Eu o único que lle pido á  
Administración, é que nos saquen  
as pragas e o gando, que nos  
formen e nos deixen traballar  
tranquilos

plante unha única especie, e que lle dedique traballo e moito tempo.

Eu empecei plantando moito piñeiro do país, aquí había moito piñeiro. Foi un fracaso moi grande porque se foi secando, ao final fun substituíndoos por eucalipto glóbulus. Pero isto pasoume por falta de coñecementos. Cando me comezaron a secar tiña que ter chamado a alguén para que me aconsellara. No forestal as consecuencias son a moi longo prazo e hai que previlas, se un non ten a alguén na casa que o ensine precisa buscar formación noutros sitios.

—**Vostede é socio da Asociación Forestal de Galicia desde 1991 ¿Por que decidiu asociarse?**

Cando vendín a primeira madeira de meus pais e vin aqueles cartos conseguidos sen sacrificio para min, considerei que debía seguir nesa liña. Na casa sempre me dicían que o que non dá nada e o toxo, pero que se plantaba algo, o que fora, habíame dar algo. As árbores medran inda mentres un durme.

Despois souben da AFG por un axente forestal, e non esperei nin ao día seguinte para asociarme. Eu xa era socio da asociación de autónomos e sabía da importancia de asociarse. Os poucos logros que conseguimos os propietarios forestais nos últimos anos, foi gracias á Asociación, por exemplo, o IVE compensatorio, ese foi un logro impresionante e foi a AFG a que o conseguíu. A información que temos sobre as plantas, os abonos, os coidados... é por ela. Eu lembro sempre unha viaxe que fixen coa asociación e o moito que aprendín, foi cando souben que existía o piñeiro de Oregón.

—**¿Que bota en falta na Asociación Forestal de Galicia?**

Unha oficina cerca. Nosoutros cos nosos problemas non podemos estar todos os días en Santiago queixándonos. Notamos moito en falta unha persoa cerca. Solucionaríase se a Administración a financiara. Á Administración había que reclamarlle, ao igual que fan eles coas comunidades de montes, que reinvidan en nós parte do que recadan á nosa conta.

Por poñerlle un exemplo do mar. Non hai moitos anos cando había un naufraxio por Bares non se



Planta de *Eucalyptus nitens* comida polas vacas sen dono. Nalgúns casos comen estas plantas novas ata chegar a ras da terra.

salvaba ninguén, hoxe en día hai un servizo de rescate marítimo que evita moitas desgracias. Pois nós necesitamos un rescate parecido.

—¿E que bota de menos na política que está levando a cabo a Consellería do Medio Rural? É que non vexo política. Se non me demostran eles o que fan, eu na vexo. Só se ve a política das sancións e das restricións e limitacións. O positivo, o fomento, non o vexo.

Estou de acordo en que debe regularse, pero non desde a sanción e a ignorancia do propietario. Non pode vir a multa se inda non fomos informados e descoñecemos a norma. E xa sei que o descoñecemento da lei non exime da sanción, pero teñen que dar información, ensinar á xente.

—As súas plantacións de eucalipto ¿sufrieron danos por algunha das pragas que os está afectando agora en Galicia?

No piñeiro tiveron moitos problemas con *Armillaria*. No eucalipto co goniptero, *Mycosphaerella* empeza agora. Fun substituíndo o eucalipto glóbulus polo nitens porque non lle vía posibilidades de sacar adiante o glóbulus e pensando que sería máis resistente. A pesar de que xa sabía que os prezos non eran os mesmos, pero polo seu crecemento, segue sendo igual de rendible que o glóbulus a pesar de pagalo menos.

—As perspectivas do mercado do nitens non son boas, como vostede sabe, a súa pasta non ten a mesma calidade que a de glóbulus.

Si, xa sei, pero iso é hoxe. Isto sálvase coa investigación, pode aparecer mañá un enxeñeiro ou un

químico que descubra algo para facer boa pasta de papel co nitens. As novas tecnoloxías están para iso. A empresa ten que facer investigación. ¿Por que melloraron os carburantes?, ¿por que antes se rompían as bielas e os cegoñais?, porque non tiñamos lubricantes coa calidade dos que temos agora. Pois isto igual. ¿Por que antes os mobles bos tiñan que ser de cedro ou de castiñeiro e hoxe hai mobles bos doutros materiais?

O que pasa é que se situaron na parte máis cómoda a prezo de patacón. Pero hai que buscar unha solución de equilibrio para todos.

Nesta zona alta o glóbulus non vai. Isto para piñeiro radiata é inmejorable, dá máis diámetros que o eucalipto inda que non tanta altura, ten un crecemento brutal, pero polo prezo non compensa o radiata. De todas formas, os economistas din que non hai que meter todo na mesma cesta.

—¿Que opinión lle merece a idea de que os propietarios forestais dediquen, na medida das súas posibilidades, unha parte das ganancias das vendas, a investigación no sector, a I+D?

(Silencio prolongado) pero para iso están outros organismos... se a contía é pequena... En principio, vendo o que nos fan, non estou de acordo. Habería que ir a un sistema asociativo ou cooperativo, non individualmente, neste caso estaría de acordo. Pero sabendo, de forma rigorosa, a onde van os cartos e que se fai con eles, si, pero ten que ser demostrado, ver resultados e cunha achega pequena porque a marxe é reducida, isto non é unha mina de lousa •

# Entrevista a José Ramón Justo Feijóo

## Director da Federación de Razas Autóctonas de Galicia (BOAGA)



A Federación, BOAGA, naceu no ano 2002, mediante a unión das asociacións de criadores das cinco razas autóctonas de Galicia que están en perigo de extinción, cachena, caldelá, frieiresa, limiá e vianesa, de alí ven o acrónimo de BOAGA (Bovino Autóctono de Galicia). No ano 2006, uníronse as asociacións de criadores de ovella galega (ASOVEGA) e de galiña de Mos (AVIMÓS), ata a actualidade con case 800 socios criadores que a forman, con 40.000 cabezas de gando e que segue conservando o nome de BOAGA para non perder as orixes. Por outra banda, mantén convenio con CAPRIGA (Asociación de gandeiros de cabra galega), da que xestiona, como das outras sete razas, o seu libro xenealóxico así como a difusión delas.

—¿En que situación se atopan actualmente as razas autóctonas de vacún, ovino, e caprino?

Á espera dos datos a 31 de decembro de 2015, que estamos en fase de elaboración, a “enfermidade” de perigo de extinción nestas especies, evoluciona favorablemente, cunha melloría notabilísima nos últimos 10 anos, pero que segue necesitando tratamento, e precisamente traballamos para que este tratamento que estamos a facer entre todos, non se converta en crónico e pase á fase de curación para poderlle dar a alta clínica.

Pero, aínda que se pode pensar que enfocamos o esforzo nos animais, unha cousa que nos preocupa é a desaparición dos propios criadores ou mellor dito, que non aparezan novos, porque pouco facemos se aumentamos o gando e non temos xente para coidalo. Se imos aos datos, en vacún suman

case 10.000 cabezas de gando, con 350 gandaría, destacando a raza cachena sobre as outras 4, seguido pola raza vianesa. En ovella galega existen 4.500 cabezas en 110 gandaría, en cabra galega, 710 animais con 68 gandeiros e en galiña de Mos, 25.000 cabezas en 240 gandaría.

—¿Cales das razas autóctonas teñen na actualidade un maior interese desde o punto de vista produtivo?

Todas, sen dubidalo, pero ás veces o que nos vén á mente cando nos din “produtivo” en gandaría, é cantidade, cantidade de algo, carne, leite, ovos, pero non pasa o mesmo a nivel industrial, que, cando é produtivo, significa que o que se produce supera o seu custo.

En gandería, e máis en razas autóctonas, deberíamos aplicar o mesmo pensamento industrial, en



Rabaño de vacas de raza vianesa na montaña da Veiga (Ourense).

canto o que producen é superior ao que gastan, pero en xeral se unha tenreira non produce moitos quilos, ou un cordeiro é pequeno, din que son razas improdutivas ou non produtivas, cousa que co pensamento de cantidade pode ser certo, pero en ganancia económica non o é, e claramente todo isto, enmarcado nun contexto de produción de cantidade.

Do mesmo xeito, nos terreos onde si se poden desenvolver estas razas, son insuperables fronte a outras, non existe competencia, namentres que estas razas autóctonas nosas si se desenvolven tamén en terreos de razas alóctonas. En resumo, poden estar en prados estupendos e en monte con matogueira, cousa que non ocorre coas razas alóctonas.

**–Moitos dos máis graves incendios forestais iníciáanse por queimas en montes para a produción de pasto para o gando en liberdade. En relación con este problema, ¿como se pode modificar esta situación?**

Trátase dunha pregunta con difícil resposta, dado que é unha aseveración que pode estar lonxe da realidade establecida ou politicamente correcta, xa que non temos baixo esta afirmación datos ou nomes de persoas condenadas por estes feitos e falar todos falamos, ás veces de máis, e en moitos dos casos meten no mesmo saco os incendios por imprudencias agrícolas e os ocasionados por rexeneración de pastos, e na base desta discusión de que quen queima o monte e porqué, non existen datos claros nin interese en buscalos, así todo é pasto da especulación e de titulares de xornais e de

xustificacións políticas de todas as cores, pero o problema segue aí.

¿Como se pode modificar esta situación? Pois dándolle valor ao que se queima mediante unha xestión adecuada e profesional tanto no eido forestal, gandeiro e agrícola, pero todos levamos oído isto desde hai moito tempo e seguimos igual, falando e falando no verán e post verán sen chegar a nada, parecendo que queremos deixar pasar o tempo ata o próximo verán, se se quere que a actividade gandeira se integre plenamente, debemos lograr que os pastores e propietarios forestais (privados na súa maior parte) teñan unha actividade economicamente rendible, logrando así que sexa sostible en tempo e evitando conflitos, que a maioría das veces son por cartos.

Consiste en que se ten que ir sen lugar a dúbidas a unha xestión do territorio (preventiva) e non reactiva (baseada na extinción), xa que o modelo de cortalumes de forma exclusiva sen contar con outros actores que poden interactuar nos montes, é custoso e totalmente ineficiente.

Tan só un exemplo recente, o incendio de Cualedro en Ourense do cal antes de controlalo, xa se dicía que era para rexeneración de pastos, cando na área que se desenvolve apenas queda gando, (menos de 100 vacas en Cualedro e apenas 500 ovellas), xa que hai anos desapareceu unha vecreira do pobo da Xironda que tiña cerca de 2.000 cabezas de ovellas, ¿pódese imaxinar alguén o que pastorea un rabaño desa entidade sobre o terreo os 365 días do ano?



Galina de Mos.

E por outra banda, os terreos queimados non se poden pastorear por gando, nin cazar, nos tres anos posteriores ao incendio. ¿Estamos tolos, ou alguén que ten gando queima para ter pastos que non pode pastar por lei? Se partimos da premisa de que despois dun delito hai que se preguntar quen se beneficia dese delito, os gandeiros creo que non, non poden pastorear co seu gando.

–¿Que opinión ten sobre o gando sen dono vacún que paxe en liberdade nos montes galegos? ¿Parécelle positivo ou negativo? ¿Favorece ou prevén os incendios forestais?

Se existe é unha figura totalmente residual e alegal, e aínda así, penso que é negativo e rexeitable que en pleno século XXI exista gando non controlado nin rexistrado tanto en montes como en calquera outra superficie. Galicia, e en xeral España, ten feito un esforzo en materia de sanidade animal e de rastrexabilidade impresionante que non ten xustificación que existan animais de calquera especie sen control. Todo isto, o non legal obviamente pode favorecer cousas non legais, así de sinxelo.

–¿Que relación teñen os gandeiros cos propietarios forestais, en particular coas comunidades de montes veciñais?

A relación creo que se pode asimilar a un matrimonio, unha veces quérense moito outras non se queren nada, e noutras prodúcese separación irremediable, ata hai situación normal, pero deberíamos reflexionar todos, os gandeiros, os propietarios forestais e os dirixentes das comunidades de mon-

tes, ¿por que?, porque así non vamos a ningures e aos feitos me remito.

Unha relación entre un propietario forestal e un gandeiro, pode ser beneficiosa para ambos, o que é a base dos negocios, eu benefíciome e ti tamén, as miñas árbores medran ben e as miñas vacas, ou cabras, cabalos ou ovellas comen sobre o terreo e límpo, pero fai falla que ambos se entendan, se respecten e fagan negocio.

En comunidades de montes o mesmo, pero creo que ambos deberían de ser profesionais, o gandeiro perfectamente rexistrado (non me cabe outra forma), e a comunidade tamén, e correctamente xestionada, ou polo menos con cabeciña podemos dicir, xa que non é normal que unha comunidade por exemplo, con máis de 1.500 ha estea rexida por unhas persoas con moi boa vontade, sen cobrar nada, e que as contas se leven nun papel que se garda no caixón da cociña do presidente de asemblea en asemblea e que están plantadas as 1.500 ha de piñeiros porque é o máis doado e fanlle todo.

– ¿Como ve a situación actual en comarcas de continuos conflitos cómo son O Barbanza, O Buió, A Paradanta e as serras ourensás?

Creo que se existen conflitos, que o descoñezo, está contestada na pregunta anterior.

– As actuais axudas da PAC á gandería están condicionadas a dispoñer de pastos de herba e non matogueiras pastables. ¿Esta situación pode favorecer os incendios para crear pastos?

O que non favorece é que non se xestione o territorio.

A Unión Europea non di que non sexan válidas as superficies de “pasto arbustivo” ou “pasto arborado” (PR, PA), (é curioso que se chame pasto arbustivo e pasto arborado e que se diga que non valen para pastorear), senón que son válidas sempre que estean aproveitadas polo gando.

Existen ganderías de razas autóctonas nosas que levan máis de 20 anos con superficies de pasto arbustivo e os animais están vivos, algunha de elas con premio ao Mérito Agrario do Ministerio, e que agora lle din que non valen, ou sexa co Coeficiente de Aproveitamento de Pastos (CAP) igual a cero, que significa que non valen para pastoreo a criterio da Administración ¿alguén entende algo?

Existen xestas nesas superficies que non se poden rozar, xa que son indispensables para o pastoreo, fundamentalmente en ovino e cabrún, porque todos os que están a pé de campo saben que debaixo delas crece unha herba fabulosa nos meses de verán, e que no inverno con neve, as ovellas poden saír a pastorear debaixo desas xestas, pero claro, se



Rabaño de vacas de raza limiá.

aplicamos a tecnoloxía de medición por satélite, esa superficie non vale.

En España, segundo datos de 2013 do SIXPAC, existen 18,6 millóns de ha de pastos (case o mesmo que de superficie forestal arborada) e deses 18,6 millóns, o 86% son cualificados como pastos leñosos (pasto arbustivo-PR e pasto arborado-PA), case 11.000.000 de ha, que corren un risco de abandono ao estar en zonas de difícil acceso, e é onde as razas autóctonas teñen un campo amplísimo.

E hai que subliñar outro risco, as cortas incontroladas en terreos nas que a presenza de elementos leñosos sexa un inconveniente para a súa elixibilidade nas axudas PAC.

No Reino Unido, concretamente en Gales e Inglaterra, existe moita superficie de pasto de “Breixeiras, matogueiras e fieitais” e menos de pastos arborados, aproveitadas polo gando ovino.

Gales aplica a fórmula de PLE (Prácticas Locais Establecidas), definida pola Unión Europea, as “Breixeiras”, con admisibilidade de pastos ao 100% e inclúe os pastos arborados sempre que non sexan máis de 100 árbores por hectárea.

En Inglaterra, as “Breixeiras, matogueiras e fieitais” son admisibles ao 100% cando son pastoreados e os arborados, son admisibles sempre ao 100% xa que forman parte da condicionalidade.

En Asturias, acaba de ser aprobada a declaración de zonas de pastoreo tradicional baixo prácticas locais establecidas no Principado que implica novos CAP para a gandería autóctona.

—¿Os lumes prescritos ou controlados poden axudar a evitar incendios?

Por suposto, os lumes prescritos faciáanse ao final do inverno, e en lugares con pouco mato, onde as temperaturas acadadas co lume son baixas o que provoca que non cristalicen os minerais das plantas e se incorporen ao solo fertilizándose. É unha práctica agraria máis, que feita con permiso, permite rexenerar pasto para o gando, que é pastoreado legalmente.

O problema ven cando se fan incendios en zonas de moito mato, de moita masa combustible, nos que as temperaturas acadadas cristalizan todo o mineral presente que non se pode incorporar ao solo e vai ser arrastrado por chuva ou vento a zonas máis baixas ocasionando a desertización da zona queimada. Fálase do paradoxo da eficacia dos sistemas de extinción de incendios, xa que apagando rápido en zonas de pouco mato, provoca que se xere máis mato que despois xa é imposible de apagar.

—¿Considera que o monte galego pode axudar á conservación das razas autóctonas máis rústicas?

Onde exista comida axuda, pero haberá que pactar, negociar, falar para que esta realidade poida ser certa. Se no monte existe comida que pode ser aproveitada polas nosas razas autóctonas e non se aproveita, estaremos todos facendo algo mal, creo que como sociedade non nos podemos permitir que ese diñeiro en forma de comida que existe nos montes se perda.

–¿É máis partidario da transformación de terreos de monte en praderías artificiais ou do pastoreo do pasto natural que medra nos montes?

Todo ten cabida, ás nosas razas autóctonas gústalle moito máis o pasto natural sen lugar a dúbidas, iso é unha realidade, pero en grandes superficies terán que ter cabida de todo, pastos rexenerados, naturais, viñado, zonas de plantación forestal, áreas de micoloxía, áreas de espaxamento etc., tan só se necesita profesionalidade por todas as partes.

–¿Que opinión ten dos sistemas silvopastorais, é dicir do pastoreo nos montes arborados e non arborados? ¿Pódese pensar en Galicia na actualidade nun sistema parecido á devesa, é dicir á suma de produción de madeira e de carne nun mesmo espazo?

¿Cando empezamos? ¿Cando nos poñemos nunha mesa todos non só para saír na prensa e facer que facemos ou para crear una comisión que non vai a ningures?

Nós, as razas autóctonas, estamos preparados, temos xente nova (media de idade de 45 anos), con ganas de facer cousas, con ganas de ganhar cartos polo noso traballo, necesitamos profesionais forestais que queiran facer negocio de calidade, madeira certificada, cogomelos etc.

Collamos todos un coche e demos unha volta por Galicia e miremos ao redor da estrada, ¿está o noso medio rural ben ou mal? ¿estamos contentos co que vemos?

–¿Satisfaise actualmente a demanda de terreos para a produción de carne? ¿canta superficie de pasto novo se necesitaría?

Non rotundo, pero tampouco para a produción de leite. Se nós en Galicia, co clima que temos, e co terreo inculdo que temos, non somos capaces de ser a primeira potencia en carne e leite a baixos custos, apaga e vamos. Canta máis superficie de pastos mellor e máis produción, e máis barata, tanto para carne como para leite. Temos hoxe 550.000 vacas en Galicia, das que 212.000 son de carne e 337.000 de leite, ocupando unha superficie de 440.000 ha, e temos 1.800.000 ha de superficie forestal, todo suma 2.240.000 ha, quedando unhas 300.000 ha, ben para gandería ou agricultura e forestal. Ten percorrido, porque o que sobra é terreo, tan só fai falla que se poida usar.

–¿Que pode pagar un gandeiro por arrendar terreo de monte para pasto deste tipo de gando? Pois o que se acorde, como en calquera operación económica, e dependerá de como estea ese monte, bos accesos, distancia, etc., penso que non se debe poñer prezo igual para todos porque sería interven-

A relación entre un propietario forestal e un gandeiro pode ser beneficiosa para ambos, pero fai falla que ambos se entendan, se respecten e fagan negocio

cionismo, aqueles montes ou terreos en bo estado, terán mellor mercado e capacidade de negociación.

–¿Canto emprego inducirían estes sistemas?

Pois canto máis grande sexa unha explotación gandeira, máis xente pode necesitar, e non só deberemos de referirnos a persoal asalariado, senón a novas empresas gandeiras, agrarias e forestais que se poden formar debido a ter máis superficies. Na ocupación conta tanto o empresario coma os asalariados.

–¿Considera que unha das producións interesantes dos montes galegos é, ou pode ser, a carne de calidade? ¿que papel poden desenvolver as razas autóctonas ao respecto?

Un produto é de calidade, cando a xente o solicita e o merca e volve a mercalo, non é un produto de calidade tan só por dicilo, isto é moi importante telo en conta.

A carne das nosas razas é boa e de calidade porque o consumidor vai decidir que o é, ben sexa polo sabor, pola forma de producila, porque lle gusta a carne galega, ou porque coñece o propio gandeiro, ou polo prezo, ten moitas variables. Unha carne producida no monte galego, con razas autóctonas, por veciños nosos e que mantén unha boa paisaxe para pasear ou para ollar, ¿podería ser mercada por vostede? Nós traballamos para que o consumidor poida decidir que si, xa que todos os consumidores somos soberanos.

–¿Cantas explotacións de razas autóctonas hai actualmente en Galicia?

Aproximadamente, xa que estamos a piques de publicar os datos de 2015, de 800 criadores de vacún, ovella, galiña e cabra, se sumamos os de cabalo galego e porco celta, estaríamos falando de 600 gandeiros máis, ou sexa, case 1.500 gandeiros de razas autóctonas en perigo de extinción. Se contesto exactamente á súa pregunta, e incluímos a “rubia galega” que tamén é unha raza autóctona nosa, chegaríamos aos 3.700 gandeiros.

–¿Satisfaise actualmente a demanda de animais destas razas en Galicia? ¿Vai en aumento a demanda?



Vaca de raza cachena baixo a neve.

Nalgunha delas non se satisfai, xa que estamos a falar de razas en perigo de extinción, a demanda vai en aumento pero nalgunhas, cabra galega por exemplo, levamos traballando tan só dende o ano 2010, que partindo de case nada temos cerca de 700 cabezas, e as explotacións queren medrar o que dificulta a formación de novas ganderías. Este é un feito pasaxeiro que pensamos que se corraxirá en pouco tempo.

—¿Son axeitadas estas razas para a gandería ecolóxica?

Son axeitadas para todo tipo de produción menos a intensiva, non son razas para ter pechadas. A produción de tipo ecolóxica é unha máis.

—¿Parécelle que sería interesante establecer para a carne das razas autóctonas minoritarias de vacún e as de caprino e ovino algunha marca de calidade similar á de “Ternera gallega”?

Xa as temos, recentemente foi aprobada por parte da Xunta de Galicia, a marca “100% Raza Autóctona” en todas as razas desta federación, que vai identificar os animais que pertencen e todos os seus produtos sen lugar a dúbidas.

A nosa intención é que cada un dos gandeiros sexa una marca propia, coa súa personalidade, ao igual que as persoas, que cada un de nós temos a nosa propia marca de identidade, e despois asociámonos na vida con outros que son parecidos a nós (amigos) ou con outras persoas cos mesmos intereses económicos e formamos empresas ou sociedades, nós en gandería, queremos que sexa o

mesmo, cada un é cada un, unha marca propia, e podémonos asociar con outros gandeiros para formar sociedades porque temos as mesmas ideas e o mesmo interese.

Hoxe xa temos no mercado marcas propias de gandeiros de razas autóctonas que venden a súa carne, e estes mesmos asócianse con outros para vender en conxunto distintos produtos. Este logo o que di é, que se pon “100% raza cachena”, é cachena, porque o vai certificar a propia asociación.

—¿Considera que podería ser de interese establecer algunha marca de calidade para o gando que paze o pasto natural dos montes como por exemplo “cabrito de monte”?

Sempre que leve o logotipo de “100% cabra galega”, porqué non.

De todas formas, eu son máis partidario do que se explícita na pregunta anterior.

—¿Que lle parece a recente recomendación da OMS en relación cos perigos do consumo de determinados tipos de carne? ¿Como reaccionou a Federación ante este tema?

“Nada é veneno, todo é veneno: a diferenza está na dose”, dicía Paracelso, médico Suízo alá polo século XVI. A virtude está no medio, nin moito de pouco, mellor pouco de todo.

Tal como veu, vaise, xa pasamos crises como o da encefalopatía esporádica bovina (EEB, mal das vacas tolas) e seguimos estando, pareceume unha cousa tan desatinada que non merece a pena nin darlle pábulo ao pregoeiro •



# Restricións ás plantacións forestais

M<sup>a</sup> Cristina Verde Figueiras e Julio Ruiz Cagigal  
Asociación Forestal de Galicia

NOS ÚLTIMOS ANOS SUCEDÉRONSE múltiples consultas das persoas asociadas á Asociación Forestal de Galicia, derivadas da imposición de multas e sancións por plantacións forestais en terreos nos que non está permitido a plantación de árbores para a produción de madeira.

Con tal motivo, elaboramos este breve artigo no que trataremos de expoñer brevemente as principais normas que impiden ou condicionan as plantacións forestais. Non é un documento exhaustivo, existen casos puntuais de parcelas que poden estar sometidas a restricións que non se recollen aquí.

Antes de proceder á realización dunha plantación forestal cómpre verificar que o terreo obxecto da repoboación é susceptible de ser repoboado, é dicir que non hai ningún impedimento para este

tipo de uso segundo a lexislación vixente. En caso de dúbida, consúltenos.

**Planeamento municipal.** O primeiro que se debe facer é comprobar a clasificación do uso de solo que ten o terreo no planeamento municipal<sup>1</sup>. Despois ver se a plantación forestal é compatible con esa clasificación segundo o establecido pola lei de uso do solo (Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia) ou as súas modificacións (Lei 15/2004, do 29 de decembro, e Lei 2/2010, do 25 de marzo)<sup>2</sup>, tamén convén consultar a propia normativa particular do plan municipal ou a existencia de ordenanzas que regulen a actividade forestal. A plantación forestal pode ser permitida, autorizable ou prohibida. Se se trata dun solo rústico común ou solo rústico especial de protección forestal, en condicións normais, non adoita haber impedimento para a súa execución e non precisa de autoriza-



Breixeiras húmidas atlánticas, hábitat prioritario. As multas por deterioro de hábitats prioritarios ou de hábitats naturais de interese comunitario son elevadas.

ción. Pero se se trata dun terreo (incluso de monte) que está clasificado como “de protección agropecuaria” está prohibida a súa plantación con especies forestais.

A Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, no seu artigo 67.1 di “Quedan prohibidas as repoboacións forestais en solo urbano, de núcleo rural, en solo urbanizable delimitado e no rústico de especial protección agropecuaria salvo os casos expresamente contemplados na presente lei” (ver artigos 61 e 62 punto 4).

**Plantacións en terras agrícolas.** Segundo a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia (artigo 61) non se poden facer repoboacións forestais en terreos agrícolas, agás no caso de terreos rústicos de uso agrícola en estado de manifesto abandono que estivesen adscritos ao Banco de Terras cando menos durante dous anos, e inda neste caso:

- Poderanse plantar só frondosas caducifolias.
- Deberáselle comunicar previamente á administración forestal que se vai facer a plantación.
- A parcela a repoboar debe estreimar con terreos forestais ou constituír un enclave de ata 5 ha en superficie arborada.

Se a repoboación se realizase en solo rústico de especial protección agropecuaria, requirirá autorización da administración forestal, previo informe preceptivo e vinculante da dirección xeral correspondente da consellería competente en materia agropecuaria.

Quedan excluídas do antedito, as plantacións para froito de nogueiras, cerdeiras, castiñeiros ou especies semellantes, que non supoñen un cambio de actividade, independentemente de que se realicen nun terreo forestal ou agrícola (artigo 62).

**Plantacións con eucalipto.** A Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, prohibe (artigo 67.4) as novas plantacións de eucaliptos nas parcelas nas que medren as seguintes especies que figuran no anexo I da Lei de montes de Galicia:

Piñeiro silvestre (*Pinus sylvestris* L.), teixo (*Taxus baccata* L.), ameneiro (*Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.), pradairo (*Acer pseudoplatanus* L.), bidueiro (*Betula* sp.), freixo (*Fraxinus excelsior* L.), freixa (*Fraxinus angustifolia* Vahl.), castiñeiro (*Castanea sativa* Mill.), castiñeiro híbrido (*Castanea* x híbrida, resistente tinta), cerdeira (*Prunus avium* L.), carballo (*Quercus robur* L.), cerquiño (*Quercus pyrenaica* Will.), sobreira (*Quercus suber* L.), carballo albar (*Quercus petraea* (Matts) Liebl.), aciñeira (*Quercus ilex* L. ssp. *ballota* (Desf.) Samp.), *Quercus rotundifolia* Lam., abeleira (*Corylus avellana* L.), faia (*Fagus sylvatica* L.), umeiro (*Ulmus glabra* Huds.), *Ulmus minor* Miller., loureiro (*Laurus nobilis* L.), sorbeira do monte (*Sorbus aria* L.), capudre (*Sorbus aucuparia* L.), nogueira (*Juglans regia* L.) e érbedo (*Arbutus unedo* L.).

A mesma lei no artigo 67.5 di que as plantacións de eucaliptos superiores ás 5 ha precisarán autorización da administración forestal, non sendo



Segundo a Lei de montes de Galicia, nos terreos agrícolas poderanse plantar só frondosas caducifolias sempre e cando se cumpran uns determinados requisitos.

no caso de reforestación ou rexeneración de masas preexistentes de eucaliptos, ou que a plantación estea incluída na planificación dun instrumento de ordenación ou xestión forestal aprobado pola Administración.

**Plantacións en zonas de concentración parcelaria.** En zonas incluídas nun proceso de concentración parcelaria, os cambios de actividade deberán adaptarse ao plan de ordenación de cultivos ou forestal da zona concentrada.

**Plantacións en terreos incluídos dentro da Rede Natura 2000.** O Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia permite a plantación de especies forestais nos montes xa arborizados continuando co ciclo produtivo de rexeneración, mantendo a mesma especie ou modificándoa se así o prevé o instrumento de ordenación e de xestión forestal da parcela aprobado pola Administración.

## LEMBRE

- Non faga ningunha plantación nova sen antes asegurarse que a clasificación da parcela no planeamento municipal lle permite plantar.
- Non faga ningunha plantación en terreo agrícola sen cumprir as normas establecidas na Lei de montes de Galicia.
- Non plante eucalipto en parcelas onde previamente medrasen especies do anexo I da Lei de montes de Galicia.
- Antes de plantar nunha zona de concentración parcelaria, consulte se o permite o plan de ordenación de cultivos.
- Antes de plantar dentro da Rede Natura 2000 consulte o Plan Director e os servizos provinciais de Conservación da Natureza.
- Non plante en parcelas onde medran hábitats de interese comunitario.
- Antes de plantar, ante a dúbida, consulte a un técnico da Asociación Forestal de Galicia. Estamos para axudarlle.

Noutros casos é preciso consultar o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (artigo 57).

**Plantacións en hábitats prioritarios.** No último ano deuse o caso de sancións a silvicultores que fixeron plantacións en zonas con presenza de hábitats prioritarios<sup>3</sup> fóra dos límites da Rede Natura 2000 en Galicia. Os hábitats prioritarios están definidos e establecidos na chamada Directiva Hábitats (Directiva 92/43/CEE do Consello de 21 de maio de 1992 relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres).

A Lei 33/2015, de 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, recolle como infraccións administrativas (artigo 80) as seguintes:

“j) O deterioro ou alteración significativa dos compoñentes de hábitats prioritarios de interese comunitario ou a destrución de compoñentes, ou deterioro significativo do resto de compoñentes de hábitats de interese comunitario<sup>4</sup>.

q) A alteración significativa dos hábitats de interese comunitario.”

No primeiro caso trátase dunha infracción grave (pero pode chegar a ser moi grave se a valoración dos danos supera os 200.000 euros) e está penalizada, como mínimo, con multas de 3.001 a 200.000 euros. No segundo caso pode ser leve (multas de 100 a 3.000 euros) ou grave, se a valoración dos danos supera os 100.000 euros.

Ante isto, cómpre preguntar por escrito ao Servizo de Conservación da Natureza se se pode

**Distancias mínimas que deben respectar as repoboacións forestais segundo a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia**

a) Con parcelas forestais	2 metros
b) Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria	10 metros
c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria	4 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1, e 10 metros no resto de especies.
d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril	4 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1, e 10 metros no resto de especies.
e) Con pistas forestais principais	2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1; no resto de especies, 4 metros en xeral, e 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco.
f) Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica	5 metros para todas as especies
g) Con canles fluviais de máis de 2 metros de ancho	5 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo 1, e 15 metros no resto de especies, contados desde o dominio público. Non será aplicable en actuacións de recuperación ambiental.
h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solo urbano e de núcleo rural	15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo 1, e 30 metros no resto de especies.
i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado	
j) Con cámpings, gasolineras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento	25 metros para especies de frondosas do anexo 1, e 50 metros para o resto de especies.

facer a plantación xa que non existe cartografía de hábitats prioritarios con boa precisión na que se poida consultar se nunha determinada parcela medra un hábitat prioritario. Hai que ter isto especialmente presente se na parcela a plantar medran brexeiras ou queirogais (*Erica ciliaris*, *Erica mackaiana*, *Erica tetralix*...).

**Distancias das plantacións.** Se cumpre todos os requisitos para levar a cabo a plantación forestal que ten planificada, lembre que debe cumprir tamén coas distancias mínimas que establece a Lei de montes de Galicia e coas ordenanzas municipais, de existiren.

Existen tamén casos puntuais afectados por outra normativa restritiva das plantacións forestais como pode ser a Lei de patrimonio cultural de

Galicia<sup>5</sup>, a Lei de costas, etc., que é preciso consultar antes de plantar.

#### NOTAS

- 1 Pódese consultar o planeamento dos concellos no enlace: <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/>.
- 2 Nestes momentos acábese de aprobar unha nova lei do solo no Parlamento de Galicia.
- 3 Hábitats prioritarios son os hábitats naturais ameazados de desaparición presentes na Unión Europea cuxa conservación supón unha especial responsabilidade para a Comunidade dada a importancia da proporción da súa área de distribución natural incluída no territorio da UE. Recóllese unha listaxe na Directiva Hábitats.
- 4 Hábitats naturais de interese comunitario son os que están ameazados de desaparición na súa área de distribución natural ou presentan unha área de distribución natural reducida ou constitúen exemplos representativos de características típicas dunhas determinadas rexións biogeográficas. Recóllese unha listaxe na Directiva Hábitats.
- 5 Estase tramitando unha modificación desta lei nestes momentos.

# Autoctonía (e aloctonía), en especies forestais

Juan José Villarino Urtiaga  
Enxeñeiro de Montes e profesor de Silvicultura xubilado

**As bases do debate.** A cuestión de se unha árbore forestal é ou non autóctona, así formulada, pode producir no leigo na materia, a falsa impresión de que se está a falar dun atributo ou cualidade da propia especie. Non sendo precisamente dese modo a cousa, resulta preciso fixar xa desde o principio unha mínima armazón conceptual que faga posible unha discusión racional do tema.

Os puntos a ter en conta, son como mínimo os tres seguintes:

1º.- O *taxon* ou unidade taxonómica. Normalmente trátase da especie, inda que tamén se podería considerar unha categoría superior (o xénero) ou inferior (subespecie ou variedade).

2º.- A área xeográfico-ecolóxica na que se postula a autoctonía da especie.

Unha especie pode non estar presente nunha zona relativamente reducida en extensión da súa área de distribución natural (un concello ou unha bisbarra, por exemplo) e porén reaparecer cando se aumenta a superficie pescudada; este feito apunta a conclusión de que carece de sentido rebaixar excesivamente a extensión das áreas de referencia.

A Galicia atlántica forma parte da área de florestas eurosiberianas do vello continente e esta, do Reino Floral Holártico que inclúe ademais as correspondentes de Norteamérica.

A *Pseudotsuga menziesii* plantada en Galicia dificilmente pode considerarse como *exótica* cando provén de localizacións dentro do mesmo Reino Floral.

Ás veces xurden controversias que teñen como orixe discrepancias na adscrición taxonómica da especie. Como exemplo deste último, direi que en anos relativamente recentes publicouse unha cita de *Betula pendula*, supostamente bidueiro nativo, no concello de Guntín, a uns 20 km de Lugo. Como resulta que arestora está xeralmente admitido que a denominación correcta para as poboacións de bidueiros de Galicia é a de *Betula celtiberica*, o lóxico sería concluír que é esta última especie a presente como autóctona na rexión (Meseta Central de Lugo). *Betula pendula* non é autóctona en Galicia pero iso non nos debe privar do recoñecemento de que amosa boa adaptación ó medio –alomenos nas áreas de meirande presenza de bidueiros nativos-; e ademais de que o seu valor ornamental é superior ó do autóctono *B. celtiberica*.

3º.- A necesidade de tomar en consideración as cuestións de tipo dinámico-temporal en conxunción coas anteriormente citadas. Este punto, pola súa relevancia, merece a apertura dun novo epígrafe.

**Recoñecemento do dinamismo.** O caso de especies relicticas, encaixonadas en encraves reducidos e desprovistas de posibilidades de expansión fóra dos refuxios que permiten a súa supervivencia a curto prazo é un bon exemplo de que “autóctono” non sempre resulta sinónimo de “competitivo no

medio natural”. Sobre elas pende arreo a ameaza da extinción, que pode chegar a facerse efectiva como resultado dun imprevisto agravamento das condicións ambientais, se cadra provocado pola ocorrencia dalgunha perturbación catastrófica: incendios, pragas de insectos, etc.

E á inversa, unha especie non presente nun momento determinado pode acabar aparecendo no sitio como resultado da culminación dunha dinámica migratoria se se dan as dúas condicións seguintes:

a) Que o borde da área de distribución non se atope excesivamente lonxe (e sen que no itinerario existan barreiras naturais insuperables) e

b) Que o proceso se vexa favorecido por unha adaptación axeitada da especie: produción abundante e frecuente de sementes de doada dispersión; rápida xerminación das sementes, crecemento rápido dos brinzais e curto prazo de tempo para a frutificación das plantas da seguinte xeneración.

#### A loureira. *Prunus laurocerasus* L.

RUIZ DE LA TORRE consigna coma área de distribución natural da especie “Caucasia, Persia y Este de los Balcanes”. Esta última área, o leste dos Balcáns, podería facer referencia á rexión histórica da Tracia, que na actualidade comprende a zona europea de Turquía máis a franxa máis oriental de Grecia e a parte SE de Bulgaria. Neste punto, sería particularmente interesante poder dispor dun bon mapa da área de distribución e, máis de modo específico, dunha descrición das características daquel borde occidental no leste dos Balcáns e mesmo no seu caso dalgunha avaliación de posibles pautas migratorias.

Non dispoñendo de tales ferramentas e sen máis información ca enriba exposta, tratarei de acadar algunha dedución que nos poida ser de certa utilidade.

A comparanza entre as áreas de distribución de dúas especies pode permitirnós deducir algunhas características ecolóxicas, alomenos en termos relativos. Así, no caso de *Prunus lusitanica* e máis *Prunus laurocerasus*, parece lóxico suporlle a esta última unha mellor adaptación en zonas de clima algo continental e frío no inverno.

En Galicia, xa sabemos que a loureira desprega unha boa capacidade de adaptación ó medio e un apreciable potencial rexenerativo, tanto mediante sementes como vexetativamente, inda que na miña opinión o feito de a considerar como especie invasora e excluínle é unha manifesta esaxeración.

RIGUEIRO *et al.* inclúen *Prunus laurocerasus* como medicinal no seu libro “Guía de plantas



*Prunus laurocerasus*, (loureiro real, loureiro romano, loureira).

medicinais de Galicia” e RUIZ DE LA TORRE sinala que se utilizan en farmacia as follas e que delas obtéñense tamén a esencia de améndoas amargas en pastelería. Outras fontes indican como propiedades medicinais, un efecto sedante sobre o sistema nervioso, e máis que as sementes, polo seu alto contido en ácido cianhídrico, son tóxicas.

Inda que non sexa autóctona de Galicia, hai que ter en conta que a área de distribución natural da loureira sitúase relativamente próxima, e nun ámbito latitudinal parello, na rexión balcánica da Europa oriental.

A cuestión clave é a de se a especie amosa ou non algún tipo de cualidades que xustifiquen a súa utilización no espazo agroforestal; e sen dúbida algunha cómpre recoñecerlle que sí ten esas cualidades:

- Porque a loureira é especie rústica e adaptable nunha grande variedade de tipos de estacións agroforestais.

Caracterizar unha planta ou un animal como de tipo exótico ou autóctono é determinalo só desde o punto de vista da nosa relación con eles

- Porque ten utilidade na instalación de sebeiros de protección contra o vento.
- Porque ten usos medicinais e gastronómicos.
- Porque é doada de reproducir, aforrando cartos de adquisición de planta de viveiro.
- E finalmente, porque ten aceptación social no medio rural galego.

**Os eucaliptos nitens e xigante.** Os eucaliptos *nitens* e *delegatensis* ou *gigantea* están ben adaptados a áreas de invernos fríos, nas que axea o *globulus*. Dos dous, o *nitens* é o de máis recente introducción na Terra Chá lucense.

O eucalipto xigante (*Eucalyptus delegatensis*) xa se plantaba na década dos 70. Ten moi boa adaptación na bisbarra, un crecemento moi rápido –particularmente en diámetro– e rexenérase naturalmente, tanto por rebentos de cepa como por semente, de xeito que tras dunha corta o terreo repóboase de novo sen custo algún para o propietario.

En cambio, *E. nitens* non se rexenera naturalmente, o que impón unha silvicultura semellante á do piñeiro *radiata* ou insigne, con novo traballo do terreo e plantación despois da corta a feito.

Parece ser que os “poderes fácticos” están interesados en promover a utilización de *E. nitens* e perante este feito un pregúntase cal pode ser a razón:

¿Será porque a madeira do *nitens* ten algunha cualidade especial? Porque a igual prezo parece indiscutible que o xigante é máis rendible.

¿Ou será porque o capital do sector lle convén máis o tipo de silvicultura do *nitens* cos seus conseguintes investimentos en laboreo e plantación cada poucos anos no mesmo sitio?

Eu, a verdade, non sei que pensar. Se cadra, algún lector da nosa revista podería ter algunha boa explicación para a miña pregunta.

Saber, non sei, mais o que sospeito é que quen coñecen o tema a fondo non son lectores de publicacións sobre silvicultura; o que eles leen son revistas coma *The Wall Street Journal*, *The Economist*, etc.



Bidueiro (*Betula celtiberica*).

**O concepto biocéntrico.** E para rematar, unha cita bibliográfica. Stephen H. Spurr e máis Burton V. Barnes son dous coñecidos ecólogos forestais norteamericanos. A súa obra conxunta *Forest Ecology* –da que posúo unha tradución ó español– é considerada como unha das referencias básicas dentro da literatura sobre a ecoloxía forestal.


Para non facer a cita excesivamente longa, limitareime a transcribir dous ou tres parágrafos nos que os autores guindan, –por se o lector puidera decidir recoller a luva–, un novo enfoque da disciplina: o concepto *biocéntrico*.

“Desde un punto de vista biocéntrico deixan de ter sentido os conceptos en oposición de especies nativas e introducidas ou foráneas. Caracterizar unha planta ou un animal como de tipo exótico ou autóctono é determinalo só desde o punto de vista da nosa relación con eles”.

“Para o pradairo que está a medrar nun sitio é intrascendente se as súas sementes aladas se dispersan polos seus propios medios ou se son axudadas ou arrastradas polas alas dun aeroplano”.

“O ecosistema está formado por todas as plantas e os animais que se atopan nun punto do espazo e nun instante determinado. Todos os individuos migraron ao lugar transportados polo vento, os animais, a auga ou os seres humanos. Unha vez que se achan no lugar e se adaptan ás condicións medioambientais, son membros do ecosistema local ata que eles mesmos ou os seus descendentes sexan eliminados del” •

# O recurso madeireiro nos montes de Galicia: situación e mercado



## CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS



Na primavera do 2015 comezou un proceso participativo de revisión do Plan Forestal de Galicia (PFG), documento que establecerá o modelo de monte a alcanzar nos próximos vinte anos. No mes de decembro de 2015, a primeira parte deste proceso foi concluída coa elaboración das Directrices básicas do PFG. O sector pretende que o texto do Plan Forestal poida ser presentado a finais do 2016.

Dentro deste marco, a Plataforma Tecnolóxica Forestal Galega (Devesa) e as principais asociacións do ámbito forestal organizaron una xornada técnica para analizar a situación actual do mercado da madeira e debater sobre o futuro da produción de madeira no monte galego.

A xornada **O recurso madeireiro nos montes de Galicia: situación e mercado** celebrouse en Santiago de Compostela o 27 de novembro de 2015. Contou co apoio de vinte e dúas das principais organizacións forestais galegas e nela participaron 151 persoas entre silvicultores, xestores de montes veciñais, operadores de madeira, investigadores, industriais da madeira e técnicos forestais.

Por encargo da Plataforma Devesa, o equipo da Asociación Forestal de Galicia responsabilizouse da organización e da secretaría técnica da Xornada na que participaron como relatores un grupo de vinte expertos.

A continuación recóllense as principais conclusións e recomendacións emanadas do debate.

## O INVENTARIO FORESTAL EN GALICIA

O territorio forestal galego caracterízase por cambios de uso frecuentes e pola importancia económica da masa forestal. As masas dedicadas á produción de madeira, concentradas nos montes de particulares, cun alto grao de parcelación e nos montes veciñais, en grandes unidades de explotación, supoñen o 4% da superficie arborada dedicada á produción de madeira en España e nela prodúcese o 57% da madeira cortada no país.

O Inventario Forestal Nacional é unha ferramenta indispensable e integra información fundamental para comprender a situación da foresta en todas as comunidades autónomas. Sen embargo, o seguimento da evolución do monte nos distintos ecosistemas, a planificación forestal e da industria galega, así como as novas demandas sociais, requiren unha maior intensidade de inventario e unha adaptación da metodoloxía utilizada.

Na análise do IV Inventario Forestal, realizada en 2009, detectáronse deficiencias e carencias que é preciso corrixir e melloras que é necesario introducir:

- ▶ Deben contabilizarse correctamente as novas masas emerxentes e detectarse os cambios máis recentes de especies, asemade parece necesario redefinir os estratos representativos das formacións forestais galegas para adaptalas axeitamente á realidade do noso monte.
- ▶ Os datos deberán presentarse desagregados, cando menos a escala de distrito forestal e considerando as grandes comarcas xeoforestais ou outra división do territorio que teña en conta condicións homoxéneas do medio físico (a actual presentación de resultados por provincias non atende a razóns deste tipo e, por tanto, non achega información relevante para a toma de decisións).
- ▶ O inventario das masas produtoras de madeira debe realizarse cunha frecuencia mínima de 5 anos, aplicando novas metodoloxías e tecnoloxías emerxentes que reduzan o custo e incorporando indicadores hoxe necesarios como a accesibilidade ás masas, as afeccións e restricións ás explotacións existentes, a madeira de alto valor e os indicadores da sanidade dos ecosistemas e de xestión forestal sostible. Neste senso, sería imprescindible dispoñer dunha aplicación web na que se puidera consultar de xeito inequívoco toda a normativa que afecta a unha determinada parcela catastral nun intre determinado, para o que habería que reunir a información espacial sobre afeccións das diferentes consellerías.
- ▶ Un inventario máis profundo que abranga todo o territorio forestal debe realizarse cada dez anos, incorporando novos indicadores que permitan un mellor



coñecemento do monte: produtos non madeiros, evolución e caracterización da propiedade, fixación do CO<sub>2</sub> nas distintas formacións, usos dos montes...

- ▶ Requírese unha maior implicación e participación, técnica e económica, das autoridades autonómicas e dos axentes do sector na definición e realización dos inventarios, así como unha mellora na presentación dos resultados do inventario na web.

## A PRODUCCIÓN DE MADEIRA NO MONTE GALEGO

Dadas as carencias do último inventario que impiden diferenciar as especies de eucalipto e tendo en conta a falta de información sobre os cambios acontecidos no monte galego desde a última toma de datos en campo, resulta complicado determinar a situación actual e o escenario dos próximos anos. Sen embargo, da comparación de inventarios e da análise dos datos presentados segundo distritos forestais pódense extraer algunhas conclusións relevantes:



### Masas de frondosas caducifolias

- ▶ A produción concéntrase nas áreas máis elevadas de Galicia cunha menor presenza nos distritos forestais máis poboados e nos costeiros.
- ▶ Incrementáanse as existencias de madeira de carballo, castiñeiro e bidueiro, para todas as especies por riba do 35% respecto ao anterior inventario. As existencias das masas de frondosas galegas acadan 50 millóns de m<sup>3</sup>.
- ▶ Apenas se está aproveitando mediante cortas un 15% do crecemento anual das masas de frondosas. Isto implica unha moi baixa taxa de aproveitamento e amosa tanto a necesidade de intervención nestas masas, como oportunidades cara o futuro.
- ▶ A expansión das frondosas prodúcese por rexeneración natural en zonas de montaña con masas onde se practica unha escasa silvicultura. Isto presenta dificultades específicas de cara á realización dos aproveitamentos forestais que hai que ter en conta para avaliar a súa dispoñibilidade.

- ▶ Non é posible diferenciar datos das novas plantacións de castiñeiro, carballo americano ou nogueira dedicadas á produción de madeira de alto valor, inda que presentan baixas taxas de corta.
- ▶ A utilización de leñas e de material para biomasa aparece na actualidade como un aproveitamento capaz de promover actuacións de mellora silvícola que cheguen rendas para os produtores ao mesmo tempo que melloren as condicións dos montes para a produción de madeira de alto valor.
- ▶ É preciso mellorar a silvicultura das frondosas, e incorporar a súa madeira como materia prima en procesos industriais de alto valor engadido.

### Eucaliptais

- ▶ As existencias de madeira das especies do xénero *Eucalyptus*, *glóbulus* e *nitens* en conxunto, incrementáronse un 81% desde o anterior inventario, principalmente no norte e noroeste de Galicia (distritos forestais I, II e VI) que concentraban en 2009 algo máis do 50% do volume total da madeira de eucalipto en pé.
- ▶ Cos datos dispoñibles, resulta imposible avaliar o ritmo do aumento anual da superficie ocupada polos eucaliptos. Sen embargo, segundo os datos achegados polos viveiristas, desde hai algúns anos, do total da produción galega de planta de eucalipto o 75% das unidades corresponden a *E. nitens* e soamente o 25% a *E. globulus*.
- ▶ Estase aproveitando unha media do 75% do incremento anual en volume das masas de eucalipto o que supón un alto grao de intervención neste tipo de masas, pero que podería medrar máis mobilizando madeira extramadura normalmente en localizacións marxinais ou de difícil acceso.
- ▶ As plantacións de *E. globulus* están diminuindo, sendo substituídas por *E. nitens*, especialmente naqueles sitios onde hai risco de ataque de goniptero.
- ▶ As existencias actuais de *E. nitens* superan os 10,5 millóns de metros cúbicos e no horizonte do 2020 pódese estimar que os montes desta especie estarán a producir entre 1,5 e 3 millóns de metros cúbicos de madeira.
- ▶ O eucalipto *nitens* está sendo plantado en cotas altas de comarcas do interior de Galicia, ocupando antigos piñeirais e tamén en terreos de matogueira ou antigos pasteiros.
- ▶ A taxa media de crecemento do eucalipto *glóbulus* está nos 18 m<sup>3</sup>/ha e ano, mentres que o eucalipto *nitens*, menos afectado polo goniptero, ten un crecemento medio de 30 m<sup>3</sup>/ha e ano.





### Piñeirais

A situación dos montes de piñeiro galegos é, en xeral, moi preocupante. A caída do prezo da madeira desde o ano 2005, a baixada do consumo e os problemas de sanidade nas masas, fan prever unha forte diminución da súa presenza no monte privado galego se non se habilitan medidas de apoio a estas especies. Necesítase información actualizada para precisar estas tendencias.

- ▶ As existencias en madeira do piñeiro do país, *Pinus pinaster*, aumentaron entre os dous últimos inventarios 58,4 millóns de m<sup>3</sup>, cun incremento anual do volume (IAV) de 3,5 millóns de m<sup>3</sup> anuais, este incremento parece máis debido ao avellentamento das masas que ao aumento da superficie ocupada. De feito, os datos reflicten un aumento do diámetro medio nas masas de piñeiros, coherente coa hipótese do seu avellentamento por falta de intervención e cortas. As masas distribúense por toda Galicia, exceptuando o norte e o noroeste onde se reduciron moito ou practicamente desapareceron.
- ▶ As cifras de repoboacións son moi preocupantes, indican que, desde o ano 2005, a superficie plantada de piñeiro do país foise reducindo fortemente. Recórrese á rexeneración natural nas áreas extensas de piñeirais existentes nos montes veciñais. As cortas da madeira decreceron e a evolución do piñeiro do país parece que camiña en paralelo ao declive do sector da serra e da baixada de prezos da madeira de piñeiro.
- ▶ As existencias en madeira do piñeiro insigne, *Pinus radiata*, aumentaron fortemente cun 80% de incremento entre os dous últimos inventarios, debido ás repoboacións feitas nas comarcas interiores de Lugo que acumulan máis do 70% das masas desta especie en Galicia. Os montes deste piñeiro amosan unhas existencias de 15,3 millóns de m<sup>3</sup> cun IAV de 1,6 millóns de m<sup>3</sup>.
- ▶ As cortas de madeira do piñeiro radiata están moi por debaixo do seu crecemento. As masas que entran en corta final non se están rexenerando con piñeiro radiata; todo apunta a unha caída da superficie e das existencias desta especie.
- ▶ As existencias de piñeiro silvestre, *Pinus sylvestris*, aumentaron nun 34% entre os dous últimos inventarios, acadando 5,1 millóns de m<sup>3</sup>, mentres que o IAV sitúase en 0,34 millóns de m<sup>3</sup> por ano. Pero o incremento de existencias parece ser debido ao crecemento das masas de idades intermedias e non ao aumento da superficie ocupada. As masas concéntranse en montes veciñais das áreas de montaña de Lugo e Ourense e as cortas son moi escasas, cunha débil incidencia no mercado da madeira galega que podería dinamizarse por aplicación de segundas claras nos montes en xestión pública.


## O MERCADO NO SUR DE EUROPA

### Madeira de coníferas

O sector forestal no sur de Europa está cambiando; a madeira de piñeiro que tradicionalmente era a materia prima principal da industria dos países do sur está a atravesar un período moi convulso, sufrindo un proceso de desvalorización paralelo á diminución xeral do peso específico do sector da serra. A madeira nórdica constitúe unha dura competencia.


- ▶ En Aquitania (primeira rexión produtora de madeira de piñeiro no sur de Europa), perdura o impacto do vendaval Klaus do 2009 que tombou nunha noite 40 millóns de m<sup>3</sup> de madeira. As existencias de piñeiro diminuíron fortemente e na actualidade existen fortes tensións entre oferta e demanda da madeira, nun escenario alcista de prezos no que a industria de taboleiro encontra algunhas dificultades de abastecemento.
- ▶ No conxunto de Francia, pecharon o 20% dos serradoiros. A demanda de madeira de taboleiro, que sufriu unha forte caída de consumo durante a crise, permanece estable, sen visos de recuperación a medio prazo.
- ▶ En España e en Galicia o consumo de piñeiro descendeu ao igual que os prezos. A industria da serra e do taboleiro acusou fortemente a crise do sector da construción que aínda perdura. A caída de prezos en Galicia, desde o ano 2005, acadou o 40% na madeira de serra e o 18% na madeira para taboleiro a euros constantes.
- ▶ No País Vasco as cortas de piñeiro radiata diminuíron e os prezos baixaron. Os custos de explotación son moi altos.
- ▶ A pesares da incidencia dos incendios forestais e da praga do nematodo, en Portugal a industria de serra e taboleiro resiste e aumentan as importacións de madeira de piñeiro.
- ▶ Nos montes de coníferas de Europa hai unha clara tendencia á diminución das quendas de produción; espérase un forte incremento na demanda de madeira para biomasa e obsérvase cada vez máis unha converxencia dos prezos da madeira para distintos destinos.

Destino industrial da madeira en Galicia (m<sup>3</sup> c.c.)




Fonte: estimación feita a partir de datos proporcionados pola Asociación Forestal de Galicia, Confemadera Galicia, Consellería do Medio Rural, Asociación de Empresas de Servizos Forestais de Galicia e ENCE.

Vendas de madeira en Galicia: facturación 2014 (millóns de euros)



Fonte: estimación feita a partir de datos proporcionados pola Asociación Forestal de Galicia e a Consellería do Medio Rural.



**Evolución do prezo de madeira de piñeiro para serra en Galicia**

Euros constantes do ano 2005.


Fonte: Asociación Forestal de Galicia.

- ▶ O sector da madeira en Europa e no resto do mundo encamiñase a unha reestruturación que leva a unha extinción progresiva das actividades tradicionais e ao xurdimento dunha nova economía do monte, da madeira e dos servizos, ligada a un amplo sector agora chamado da “bioeconomía”.
- ▶ A industria da madeira do sur manifesta un certo retraso respecto ás do centro e norte europeo nos novos sectores como a bioenerxía, os produtos de enxeñaría da madeira (EWP), química verde e nos servizos ambientais. A mobilización da madeira do bosque privado é un imperativo estratéxico que require medidas rápidas e fortes (fiscalidade axeitada, incentivos para reagrupar os propietarios, innovacións legais, etc.).

**Madeira de eucalipto para pasta de papel**

A produción de madeira de eucalipto ten unha gran importancia en Portugal e en España e domina o mercado en Galicia. Máis do 51% do volume das cortas en Galicia son de eucalipto e o 65% desa madeira ten como destino a industria de pasta para papel de ámbolos dous países. Por iso, o futuro do monte galego está moi condicionado pola evolución desta industria e do consumo de derivados de papel fabricados a partir de madeiras de fibra curta.

- ▶ Durante o período 2013-2019 prevese un incremento mundial de produción de 15 millóns de toneladas de todo tipo de pastas de celulosa (9%). O crecemento global esperado para a pasta *kraft* de fibra curta branqueada é de 9 millóns de toneladas (15%).
- ▶ Os países da Europa occidental e China son os mercados obxectivos da pasta de eucalipto e Brasil, Indonesia, Chile, Portugal e, proximamente, Uruguai, son os competidores de referencia. O custo da madeira de eucalipto en Galicia é na actualidade lixeiramente superior ao de Portugal e entre un 70 e 100% superior ao custo en Chile, Indonesia ou Brasil.
- ▶ O crecemento, e por tanto a produción por hectárea de madeira, de *E. nitens* é superior á de *E. globulus*. Sen embargo, se temos en conta as características técnicas de cada unha das madeiras, *E. globulus* produce un 14% máis de pasta de celulosa por hectárea que *E. nitens*.



- ▶ Para producir unha tonelada de pasta de celulosa con madeira de *E. nitens* necesítanse 0,8 m³ máis que se a madeira é de *E. globulus*. A madeira de *E. nitens* para a fabricación de pasta presenta condicións inferiores á de glóbulus, tanto no rendemento do proceso industrial como na súa apreciación polo mercado.
- ▶ Considerando no seu conxunto a cadea da pasta para papel, o aumento da competitividade do sector galego pasa por mellorar a produción de eucalipto glóbulus e por incrementar a capacidade de transformación industrial.
- ▶ A mellora xenética de *E. globulus*, baseada en obxectivos finalistas de aumentar a resistencia a pragas e enfermidades e de incrementar a produción por hectárea, así como de mellorar a densidade básica e o rendemento bruto en cocción da súa madeira, son as liñas estratéxicas a desenvolver con urxencia para mellorar a nosa posición competitiva.

**Evolución do prezo de madeira de piñeiro para tableiro en Galicia**


Euros constantes do ano 2005.  
 Fonte: Asociación Forestal de Galicia.

## O MERCADO GALEGO DA MADEIRA

O 96% da produción de madeira galega ten a súa orixe en montes privados e os ingresos percibidos polos produtores espállanse por case todos os concellos de Galicia. A atención institucional ao produtor de madeira debe ser un dos eixos estratéxicos da política forestal galega, xa que a mobilización de madeira fai viable a xestión dun territorio de 1.500.000 ha da nosa superficie forestal e asegura a prevención de incendios forestais.

A mellora do mercado da madeira ten que centrarse nos seguintes aspectos:

- ▶ A Administración, autonómica e local, debe facer un esforzo para racionalizar e simplificar as normativas que afectan á xestión forestal e aos aproveitamentos de madeira que encarecen os traballos e diminúen os ingresos dos produtores; doutra maneira o produtor desilusiónase e abandona o monte. É preciso resaltar as diferentes limitacións que afectan ás cortas (Rede Natura 2000, ríos, patrimonio, infraestruturas...) e a complexidade dos múltiples permisos necesarios. É necesario crear unha aplicación informática ao servizo dos propietarios que facilite información das afeccións concretas de cada parcela forestal, ou ben que



#### Evolución do prezo de madeira de eucalipto globulus para pasta en Galicia

Euros constantes do ano 2005.

Fonte: Asociación Forestal de Galicia.

a Administración, a requirimento dos propietarios forestais, emita certificados de afección das parcelas.

- ▶ Lonxe de poñer en perigo a industria tradicional da madeira, o sector da biomasa en Galicia, baseado na utilización sostible de madeira de coníferas, pode contribuir á recuperación dos piñeirais, dando saída a produtos leñosos que hoxe sofren unha forte caída da demanda.
- ▶ A procura e promoción de saídas industriais ao progresivo incremento de produción de madeira de *E. nitens* debe centrar a atención das autoridades competentes. Nesa dirección é preciso analizar a experiencia previa doutros países e formular a posibilidade de novas plantas industriais e a apertura de mercados no exterior.
- ▶ A exportación de madeira debe ser considerada como unha alternativa viable e positiva para diversificar os mercados. Necesítanse operadores locais que abran mercados ás madeiras galegas en países da contorna cunha demanda emerxente. Os portos existentes en Galicia teñen boas condicións e constitúen unha fortaleza esencial.
- ▶ O aumento da capacidade industrial de transformación das plantas de eucalipto ou a instalación de novas plantas, deben ser alternativas a estudar en Galicia.
- ▶ *Eucalyptus globulus* aparece como a especie a privilexiar no mercado da pasta pola súa calidade e rendemento industrial fronte a *E. nitens*. Nesta liña, necesítase manter unha actuación clara da Administración para loitar contra o goniptero, asegurando unha produción axeitada do parasitoide *Anaphes nitens*. A contención da praga do goniptero é fundamental para reverter a tendencia dos produtores a substituír o eucalipto glóbulus polo nitens nas zonas costeiras.
- ▶ O prezo da madeira de piñeiro no mercado non difere da madeira libre de nós que está a aparecer no mercado, contribuindo ao desánimo dos produtores que incorreron en gastos silvícolas elevados para producir madeira de alto valor, en particular para a industria da serra e da chapa.

- ▶ Pola negativa incidencia no mercado da madeira de piñeiro, as restricións ás cortas de madeira na zona demarcada de afectación do nematodo deben revisarse e informar con claridade aos propietarios afectados polas medidas sanitarias.
- ▶ A demanda real de madeira de frondosas por parte da industria da carpintería, do moble e da construción debe avaliarse con urxencia a fin de prever a superficie de montes dedicados á produción de madeira de alto valor. Nesa mesma liña parece necesario coñecer a posibilidade actual de produción destes recursos no monte galego, afianzar e potenciar a industria existente e promover o desenvolvemento de novos produtos derivados da madeira.
- ▶ A I+D+i en novos produtos e procesos vai ser fundamental para garantir a competitividade do sector forestal galego e, do mesmo xeito, acadar unha axeitada rendibilidade económica da produción sostible de madeira nos montes galegos.

## REFLEXIÓN FINAL

En todas as mesas de traballo unha demanda apareceu de forma sistemática: **a estatística forestal e a información sobre o mercado da madeira en Galicia son moi deficientes e deben ser melloradas e reforzadas, dedicando medios humanos e recursos suficientes para sostelas no tempo.** Por iso, algunhas das incógnitas que se formularon ao comezo desta xornada técnica non puideron ser despexadas. É preciso subliñar que falta información clave para definir o modelo de monte no Plan Forestal de Galicia e, polo tanto, xurdirán moitas dúbidas na súa formulación. A título de exemplo, o balance xeral da oferta e demanda de madeira en Galicia non é posible estimalo na actualidade, xa que non se coñece o consumo real de madeira, en bruto e transformada, procedente de importación ou do transvasamento doutras comunidades autónomas.



A pesar destas dificultades, os relatorios e as conclusións da Xornada, froito do traballo desinteresado e do esforzo de análise de moitos dos expertos que participaron, constitúen unha interesante achega que sen dúbida contribuirá a definir e facilitar o traballo de elaboración do Plan Forestal de Galicia.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2015

## ORGANIZACIÓNS E INSTITUCIÓNS PARTICIPANTES NA XORNADA

Asociación de Empresarios de la 1ª Transformación de la Madera de Lugo  
Asociación de Empresas de Servizos Forestais de Galicia (SERFOGA)  
Asociación de Produtores de Madeira da Comarca de Ferrol (PROMAFE)  
Asociación de Produtores de Madeira das Somozas (PROMASO)  
Asociación de Produtores de Madeira de Betanzos (PROMABE)  
Asociación de Produtores de Madeira de Viveiro (PROMAVI)  
Asociación de Viveiros Forestais de Galicia (VIFOGA)  
Asociación Fomento Forestal  
Asociación Forestal de Cantabria (ASFORCAN)  
Asociación Forestal de Galicia (AFG)  
Asociación Frouma  
Asociación Nacional de Empresas Forestales (ASEMFO Galicia)  
Asociación Profesional de Silvicultores de Galicia (SILVANUS)  
Asociación Sectorial Forestal Galega (ASEFOGA)  
Associação Florestal de Portugal (FORESTIS)  
Centro de Investigacións Forestais de Lourizán  
Confederación de Empresas de la Madera de Galicia (CONFEMADERA GALICIA)  
Confederación de Organizaciones de Silvicultores de España (COSE)  
Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal. Consellería do Medio Rural.  
Entidade Galega Solicitante da Certificación Forestal Rexional PEFC  
Federación de Produtores de Madeira de Galicia (PROMAGAL)  
FSC España (Asociación para promover el uso racional de los productos y servicios del monte)  
Mancomunidade de Produtores de Biomasa Forestal Primaria do Sur de Galicia (ENERXIL)  
PEFC - Asociación Española para la Sostenibilidad Forestal  
Plataforma Tecnolóxica Forestal Galega (DEVESA)  
Produtores de Madeira de Cedeira (PROMACE)  
Selga Xestión Forestal Sostible  
Unidade de Xestión Forestal Sostible da Universidade de Santiago de Compostela (USC)  
Universidade de Vigo (UVigo)  
Xestión Forestal Sostible do Noroeste (XEFOSNOR)

## MODERADORES E RELADORES

### **O inventario forestal**

Ramón Reimunde Noreña, Juan Picos Martín e Roberto Vallejo Bombín.

### **A produción de madeira no monte galego**

Jacobo Feijóo Lamas, Ulises Diéguez Aranda e Juan Gabriel Álvarez González.

### **A produción de madeira e o mercado no sur de Europa**

Francisco Fernández de Ana Magán, Gabriel Toval Hernández e Yves Lesgourgues.

### **O mercado galego da madeira**

Alfonso Fernández González, Andrés Vilariño Otero, David Lema Devesa, Manuel Galdo Dopico, Alejandro Oliveros García, José Luis Campos Represas, José Otero Gavieiro e Josefa Fernández Fernández.

## ELABORACIÓN DAS CONCLUSIÓNS E ORGANIZACIÓN DA XORNADA

A elaboración das conclusións foi realizada polo equipo técnico da Asociación Forestal de Galicia formado por Xosé Covelo Míguez, Francisco Dans del Valle, Braulio Molina Martínez e Julio Ruiz Cagigal que expresan o seu agradecemento aos relatores e moderadores que revisaron o documento.

A Plataforma Tecnolóxica Forestal Galega (DEVESA) organizou a Xornada, actuando como coordinador Francisco Dans del Valle coa colaboración de Cristina Verde Figueiras.

# A resinación e as súas posibilidades de encaixe nos piñeirais de Galicia



Enrique Martínez Chamorro  
Doutor enxeñeiro de Montes  
Centro de Investigación Forestal de Lourizán  
Consellería do Medio Rural

As posibilidades de resinación do piñeiro do país (*Pinus pinaster* Ait.) en Galicia, xa foron obxecto de estudo a través de diferentes ensaios durante as décadas dos 50, 60 e 70, aínda que moitos forestais descoñezan estes traballos.

Hoxe estamos a vivir unha conxuntura internacional que fai posible e viable que a resinación en Galicia sexa un aproveitamento compatible coa produción de madeira ou biomasa, sempre e cando se cree un sector e se atopen os métodos e sistemas de resinación que se adapten mellor ás peculiaridades do medio forestal galego.

**A situación actual da resina a escala mundial.** A produción mundial de resina oscila na actualidade

entre 800.000 e un millón de toneladas por ano. China fíxose co mercado mundial a partir dos anos 80, acaparando o 80% da produción, ata que no 2010 se produciu unha grave crise de abastecemento no mercado global, motivada pola propia China que baixou o ritmo das súas exportacións, debido fundamentalmente á caída da produción nacional, motivada pola perda de man de obra no campo, ó incremento dos custos salariais, e ás malas prácticas e planificacións dos seus aproveitamentos resineros que sobre explotaron, en moitos casos, o seu patrimonio forestal.

Tendo en conta o anterior, que Europa é, cun 30%, o primeiro consumidor mundial da produción e que as resinas naturais son cada vez máis demandadas como substitutivo dos derivados do petróleo para a fabricación de multitude de produtos (dende os fixadores de aromas ata as pinturas de sinalización das estradas), fainos pensar que a crise da resina a nivel mundial non é só conxuntural e que a demanda e os prezos van seguir en aumento.



Resinación a vida, unha soa cara, en Caldas de Reis (C.M.V.M.C. de San Andrés e Bemil).

### A situación actual da resina na península ibérica.

Antes de coñecer a situación actual cabe lembrar que a península ibérica foi o primeiro exportador mundial nos anos 60 e 70, chegando a producir 150.000 t: Portugal 90.000 (no ano 1973) e España 55.000 (no ano 1961), todo isto cando o mercado mundial era menos da metade do actual.

A actividade da resinación en España, na época da crise, quedou practicamente reducida aos montes públicos de Cuéllar e Coca en Segovia, provincia que mantivo e mantén a maior produción, os seus piñeirais teñen producións medias que van dos 3 a 4 kg/árbore e ano, ademais de contar coa industria transformadora. Mentres que en Portugal, se mantivo a actividade resinera en practicamente todo o país, aínda que de maneira máis reducida.

Hoxe o renacer desta actividade en ambos os dous países é de feito unha realidade, aínda que con matices diferentes. En España, Castela e León foi sempre a principal comunidade produtora do país, co 95% da produción nacional e, na actualidade, as empresas de transformación da rexión están a trasladar ese interese pola resinación a outras comunidades autónomas, como Castela-A Mancha, Extremadura, Aragón, Andalucía, Madrid, Valencia e incluso Galicia, formando e asesorando a futuros resineros no sistema de resinación de pica con casca. Empresas que foron aumentando o prezo do quilo de resina de aproximadamente 0,7 euros no 2010 a pouco máis dun euro no 2015.

Por outra banda, en Portugal o oficio de resinero non desapareceu, máis ben se pode falar dun renacer da actividade que se está a estender de novo polo país incluso avanzando cara o noroeste (Paredes de Coura, Ponte Lima, etc.).

Máis se cabe que en España, a resinación contéplase en Portugal como un aproveitamento compatible coa madeira, a pesar de que o prezo da madeira de piñeiro non foi en aumento, así pois compatibilízanse dúas modalidades: unha modalidade complementaria nos casos de produción de madeira de media-baixa calidade, trituración ou biomasa, neste caso óptase pola modalidade de "resinación a vida"<sup>1</sup> que permite unha anticipación de rendementos aos propietarios forestais. E a segunda, cando a madeira é de calidade, madeira de serra, onde se opta pola modalidade de "resinación a morte"<sup>2</sup> durante non máis de 3 anos antes da corta final, e así a resina pasa a ser un produto secundario.

Tamén en Portugal se modificou o pasado mes de agosto a lexislación a través dun novo Decreto-Lei que autoriza, a resinación a partir de que o piñeiro teña 20 cm de diámetro á altura do peito, o mínimo en España é 30 cm, e que incluso permitiría realizar, no caso da modalidade a morte, polo menos unha cara ou ferida<sup>3</sup> de resinación, independente do diámetro do piñeiro. Dúas medidas que adaptan a resinación a piñeirais máis densos, permitindo incluso a resinación das árbores con desti-

É preciso iniciar liñas de investigación para modernizar os procesos de resinación, que permitan mellorar a produtividade e a recolección e estudar a súa influencia na calidade da madeira

no a claras, circunstancias e situacións moi similares ás que podemos atopar nos monte galegos.

**Os piñeirais de Galicia fronte á resinación.** Historicamente a resinación en Galicia non tivo relevancia, deixando fóra os estudos comentados, e a pesar das máis de 200.000 ha superficie de piñeiro de país que posúe na actualidade. Esta falta de interese puido estar ligado, por un lado, ao valor da madeira de piñeiro e por outro á falta de estudos da produtividade de ambas producións (madeira-resina); pero tamén á circunstancia propia da actividade da resinación, moi esixente en man de obra e con fortes requirimentos físicos, que non a farían viable en montes accidentados, de propiedades pequenas, con sotobosques densos e, con altas precipitacións como os galegos.

Durante o 2014 e 2015, iniciáronse algunhas resinacións en Galicia da que destaca a realizada pola empresa Resfor Trabajos Forestales C.B. nos montes veciñais en man común de San Andrés e Bemil en Caldas de Reis, seguida moi de cerca polo Centro de Investigacións de Lourizán (CIF). Nesta experiencia resináronse, polo método de pica de casca, 1.500 piñeiros do país dun total de aproximadamente 2.800 en 5,6 ha. O período de resinación foi dende maio a outubro e obtívose unha produción media por piñeiro de 2 kg abrindo unha soa cara de resinación. A experiencia incluíu unha contrapartida para a propiedade, que consistiu en labores silvícolas (roza, poda, etc.) durante a época de resinación aparte da vixilancia que leva implícita resinar o monte no verán.

Os datos de produtividade conseguidos son en certa maneira atractivos, toda vez que foron realizados por resineiros galegos recién formados e coas técnicas e ferramentas que se utilizaban practicamente hai un século, debido á pouca innovación que rexistrou o sector dende que deixou de ser rendible.

No norte de Portugal a resinación ou “resinagem” como lle chaman alí, esta a renacer e ampliarse con máis rapidez, e empézanse a desenvolver



Experiencias do Centro de Investigación Forestal de Lourizán co sistema Borehole.

novos contratos de explotación entre os propietarios privados e as empresas onde se alugan ou ben os piñeiros, ou as feridas ou caras de resinación, e que tamén inclúen, traballos silvícolas preventivos e vixilancia durante o período de resinación que coincide co de máximo risco de incendios.

A modo de conclusión, e pensando nas posibilidades e o encaixe que pode ter a resinación en

Galicia, en primeiro lugar, deberían adaptarse os métodos e sistemas que se empregan actualmente ás características do monte galego. E en segundo lugar, iniciar liñas de investigación tendentes a modernizar os procesos de resinación, tanto en Galicia como en toda a península ibérica, que permitan mellorar a produtividade (mecanización), a recolección (depósitos cerrados), e estudar a súa influencia na madeira (crecemento e calidade).

Sobre esta última reflexión, é evidente indicar que a resinación dos piñeiros provoca unha perda no crecemento en madeira, pero tamén é certo que en Portugal compatibilízanse ambas actividades, realizando en moitas ocasión aproveitamentos curtos (3 anos) con carácter previo á corta final. Non obstante é preciso estudar as características diferenciais desta madeira, tanto na serra como na desintegración, debido principalmente á súa maior proporción de resina que pode orixinar problemas operativos, como emboutarse os elementos de corte, e podería influír nos procesos de clasificación e no acabado dos taboleiros.

Neste senso, o CIF de Lourizán xa iniciou uns primeiros ensaios co método Borehole, onde se realizan, con axuda dunha broca mecánica, buratos na base das árbores que se impregnan con estimulantes químicos, para finalmente pechase cunhas bolsas. Método que procura afectar o menos posible á madeira e obter resina da maior calidade, ao non existir evaporación dos elementos volátiles moi apreciados pola industria.

Por último é preciso indicar a modo de conclusión final, que a resinación en Galicia debe abordarse en conxunto por todo o sector forestal: propietarios, empresas, industria, centros de investigación, administración forestal, etc., na procura de atopar o seu encaixe como un recurso forestal máis, ás veces complementario á madeira e ás veces secundario dependendo da súa posible rendibilidade •

### Para saber máis

Actas del II Simposio Internacional de Resinas. Naturales. II Coca Segovia, 16 al 18 de abril de 2013: <http://4.interreg-sudoe.eu/contenido-dinamico/libreria-ficheros/08245976-7B8C-2E71-B891-FDAEB7077CF8.pdf>

Sector dos resinosos em Portugal. Evolução e análise. DGRF: <http://webpages.icav.up.pt/Pessoas/mccunha/Silvicultura/Aulas/Pinheiros/SectorResina.pdf>

Resipinus - Associação de Destiladores e Exploradores de Resina de Portugal: <https://www.facebook.com/resipinus/>

Portal para dar a coñecer o mundo da resina: <http://www.resinasibericas.es/>

### Notas:

- 1 Resinación a vida: mantense aberta unha única cara en cada momento.
- 2 Resinación a morte: cando se lle abren simultaneamente todas as caras posibles.
- 3 Cara ou ferida: corte executado na rexión cortical da árbore para facilitar a exsudación e caída da resina.

**Planta forestal de producción propia**  
**Cepellón y raíz desnuda**  
**Frondosas y coníferas autóctonas**

Vivero situado a 600 m. de altitud

Visita a nuestra tienda Online: [www.jardineriaourense.es](http://www.jardineriaourense.es)

Estamos en Esgos (Ourense), en la Carretera de San Pedro de Rocas s/n  
[www.viverosbraña.es](http://www.viverosbraña.es) - Tfno.: 988 29 01 37 - Fax: 988 29 01 62 - [ornamental@viverosbraña.es](mailto:ornamental@viverosbraña.es)

# Plan Forestal de Galicia



O PROCESO PARA A ELABORACIÓN DAS bases do Plan Forestal de Galicia comezou en abril de 2015 e finalizou o pasado 17 de decembro, despois dun longo proceso de traballo no que participaron once organizacións do sector forestal ademais de representantes de distintas consellerías da Xunta de Galicia, as universidades galegas e centros de investigación forestal, proceso no que a AFG tivo unha participación moi activa.

As directrices foron elaboradas a partir de enquisas temáticas que todas as organizacións e institucións participantes foron respondendo e analizando ao longo de nove sesións plenarias de traballo. Este documento de consenso constitúe a base sobre a que se redactará o novo Plan Forestal de Galicia.

As organizacións participantes tamén aprobaron un documento no que se inclúe unha serie de recomendacións á Xunta de Galicia para conseguir que o Plan Forestal estea elaborado a finais do 2016.

Nos textos que se presentan a continuación, recóllense algunhas das directrices máis relevantes para os propietarios forestais.

## Obxectivos do Plan Forestal de Galicia

- Acadar un monte multifuncional e sustentable, compatibilizando os distintos usos e servizos para contribuír a un medio rural vivo.
- Aumentar ou manter a contribución do sector ao PIB galego incrementando a calidade da madeira producida e fortalecendo todos os elos

da cadea monte-industria, incluíndo as segundas transformacións dos produtos forestais.

- Potenciar decididamente as empresas de produción e comercialización dos produtos forestais non madeireiros e establecer un marco de política forestal estable e independente da orientación política do Goberno.
- O Plan Forestal de Galicia terá unha vixencia de 20 anos con revisións cada 10 anos. Deberá fixar uns indicadores cuantificables que avalíen o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan cada 5 anos.

**Montes veciñais en man común.** As medidas a levar a cabo para a consolidación desta propiedade e mellorar a súa integración en asociacións de propietarios ou organizacións de CMVMC serán:

- Fomento de avinzas ou deslindamentos amigables con posibilidade de arbitraje pola Administración.
- Simplificación de trámites administrativos.
- Actuación da Administración para evitar ocupacións ilegais.
- Fomento da organización activa de CMVMC e existencia de xuntas reitoras.
- Defensa e integridade da superficie dos montes veciñais.
- Prioridade ás axudas a deslindes parciais consensuados entre comunidades.
- Actuacións proactivas dos xurados provinciais tales como a corrección de esbozos.



O novo Plan Forestal de Galicia establecerá que a administración forestal xestionará prioritariamente, e entre outros, os montes incluídos no Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas.

- Dispoñer e seguir a planificación dos instrumentos de ordenación e xestión forestal.
- Apoiar a xestión profesionalizada por medios propios ou mediante terceiros.

**Montes de particulares.** Débese realizar un estudo sobre a situación real das parcelas de dono descoñecido. Daráselle prioridade ás actuacións de concentracións públicas de terreos forestais sobre aquelas comarcas onde sexan máis frecuentes.

É preciso poñer en valor as de dono coñecido fomentando o recambio xeracional mediante reducións no Imposto sobre sucesións e doazóns a familiares de segundo grao. Exencións do Imposto sobre bens inmobles (IBI) e manter ou reducir a porcentaxe sobre o valor catastral no caso de haber compromiso dunha xestión activa das parcelas.

É necesario definir e establecer criterios obxectivos para caracterizar a xestión das parcelas: activa/inactiva (abandonadas).

**Montes xestionados pola administración forestal.** A superficie actual (300.000 ha) en xestión é suficiente ou mesmo baixa, pero debe aumentarse a porcentaxe que se xestiona axeitadamente.

A administración forestal debe seguir sendo xestora de montes de titularidade privada. Preferentemente a súa xestión levarase a través da estrutura administrativa da Xunta de Galicia, xestionando prioritariamente:

- MVMC con comunidades non constituídas ou extintas ou en estado de grave abandono ou degradación.
- MVMC e montes de varas descapitalizados.
- Montes que se declaren como protectores.
- Montes en espazos naturais protexidos.
- Montes incluídos no Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas.

**Organizacións de propietarios.** As organizacións de propietarios forestais deben ter como propósito principal a promoción da rendibilidade das actividades forestais e o fomento da ordenación e uso sustentable do monte.

O apoio da Administración a estas organizacións debe dirixirse a fomentar a información e asesoramento en materia lexislativa, técnica, prezos orientativos do mercado...

Débense apoiar as agrupacións de propietarios forestais, principalmente coa creación de vantaxes fiscais, eliminando a dobre tributación, incrementando a difusión das vantaxes da xestión conxunta e prestar apoio técnico e financeiro para a súa creación, abrir a novas figuras xurídicas a liña de axudas á creación de agrupacións e dotar ao procedemento de creación de agrupacións dunha maior flexibilidade.

**Rede Natura 2000.** O desenvolvemento e aplicación do Plan Director da Rede Natura 2000 (PDRN2000) debe abordarse co necesario consenso co sector forestal, de xeito que non se perciba como unha suma de restricións e prohibicións por parte dos silvicultores.

Na actualidade os recursos públicos asignados para medidas compensatorias aos propietarios forestais son inadecuados.

É moi pouco axeitado o tratamento que outorga o PDRN2000 aos silvicultores e é deficiente o funcionamento das Administracións responsables da súa execución.

Respecto á xestión dos parques naturais (maioritariamente declarados en terreos de propiedade privada) os propietarios non están satisfeitos coa súa participación na xestión. En xeral o tratamento que se outorga aos propietarios forestais non é adecuado e os plans reitores de uso e xestión non contemplan axeitadamente o desenvolvemento da silvicultura.

**Medidas fiscais.** A prioridade en materia de medidas fiscais referidas a impostos sobre os que a Xunta de Galicia ou entidades locais teñen capacidade de decisión serán:

## Recomendacións á Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal para a redacción do Plan Forestal de Galicia

1. Os redactores do Plan Forestal deben analizar certos documentos de referencia, como por exemplo o posicionamento emitido por Amigos da Terra.
2. O Plan Forestal debe recoller as documentacións de ámbito internacional ou nacional que se produciran no período entre a aprobación de directrices e a elaboración final, en particular o acordo de París de 2015 sobre cambio climático.
3. Recoméndase que se faga unha enquisa por colectivos sobre o documento de directrices xerado no GT do Consello Forestal.
4. Proponse que se manteña o grupo de traballo como organismo consultivo que revise e faga un seguimento da propia redacción do Plan Forestal.
5. Deberían recompilarse informes complementarios sobre oferta e demanda de madeira para acadar un diagnóstico máis preciso e con menos incertezas do recurso madeireiro.
6. O prazo razoable para que a administración forestal complete a redacción do Plan Forestal é de 6 meses.
7. Recoméndase que o seguimento e o control da execución e do cumprimento do Plan Forestal deben quedar claramente reflectidas no Plan Forestal, e proponse que se faga como un punto fixo anual do Consello Forestal.
8. O documento de directrices producido trasladarase ao Consello Forestal.
9. O documento de directrices debería trasladarse asemade, de xeito institucional, aos diferentes grupos políticos, por exemplo a través da Comisión de Agricultura.
10. Someter o Plan Forestal de Galicia a consideración e aprobación do Parlamento de Galicia a fin de dotalo da lexitimidade necesaria para asegurar a súa permanencia no tempo.

- No caso do Imposto sobre sucesións e doazóns, tratamento dos propietarios forestais que demostren unha xestión activa equiparable aos titulares de explotacións agropecuarias.
- Fomentar o recambio xeracional mediante a gratuidade do Imposto sobre sucesións e doazóns a familiares de 2º grao.
- Exclusión de Imposto sobre sucesións e doazóns de parcelas forestais poboadas con frondosas autóctonas.
- Desgravacións para os investimentos nos montes no tramo autonómico do IRPF.
- Exención ou redución do IBI para os montes ou parcelas forestais que contan cun instrumento de xestión.



As directrices do Plan Forestal de Galicia consideran o fomento das avinzas ou deslindamentos amigables importante para a consolidación da propiedade dos montes veciñais en man común.

- Tratamento fiscal axeitado dos montes de varas incluídos no Rexistro, en particular no caso da exención do IBI.

As principais demandas en materia de medidas fiscais referidas a impostos sobre os que o Estado ten a capacidade de decisión serán:

- Bonificación do Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados en permutas cando a finalidade sexa incrementar a agrupación da propiedade forestal.
- Desgravacións para os investimentos nos montes no tramo estatal do IRPF.
- Mellora do réxime fiscal no Imposto sobre sociedades para as sociedades que xestionen montes.
- Establecemento dun plan sectorial contable específico das explotacións forestais, que permita descontar na contabilidade o valor do solo ou os investimentos realizados actualizados.

As principais demandas en materia de mellora do actual réxime fiscal específico das CMVMC serán:

- Redución do tipo impositivo actual do 25% no Imposto sobre sociedades.
- Aplicación de coeficientes redutores progresivos sobre os ingresos da venda de madeira de especies forestais con período de maduración longos, para compensar a imposibilidade de actualización dos custos dos traballos silvícolas.
- Ampliación do prazo de compensación de bases impositivas negativas, ou posibilidade de deducir unha provisión para gastos ou reinvestimentos futuros •

# La evolución del monte gallego

## Un largo camino desde el desastre hasta la silvicultura activa



Francisco Dans del Valle  
Ingeniero de Montes  
Director de la Asociación Forestal de Galicia

El medio rural gallego ha sufrido en los últimos cuarenta años un fuerte cambio que ha modificado substancialmente su paisaje, pasando del predominio en todo el territorio de los cultivos agrícolas y ganaderos y de un monte asolado por los incendios forestales, a una extensa presencia del bosque cultivado y a una progresiva especialización comarcal de la actividad agrícola y ganadera.

**El espacio forestal actual.** En el espacio agrario gallego actual se asientan tres tipos de territorios forestales:

**Espacios arbolados productivos,** aproximadamente 1.285.000 ha de terrenos forestales productivos según el IV Inventario Forestal Nacional, casi todos ellos de carácter privado, en los que se ha

producido una rápida y no siempre bien orientada expansión de las masas arboladas. Este territorio se distribuye casi a partes iguales entre las coníferas –domina el pino del país (*Pinus pinaster*), el pino insigne (*Pinus radiata*)–, los eucaliptos (*Eucalyptus globulus* y *E. nitens*) y las frondosas caducifolias, roble (*Quercus robur* y *Quercus pyrenaica*) que mantiene una dinámica creciente de difusión natural, junto con una masa de castaño de alto valor.

Dentro de esta enorme masa arbolada coexisten montes bien capitalizados, que reciben los tratamientos adecuados, asegurando su sostenibilidad presente y futura junto con otros que presentan rasgos de abandono y cuya existencia y alto riesgo de incendios comprometen la sostenibilidad del resto.

**Espacios protegidos,** aproximadamente una superficie de 360.000 ha incluidas en la Red Natura actual que supone el 12% de la superficie forestal gallega, de alto valor ecológico, cultural y paisajístico que requieren intervenciones específicas

ajustadas a su entorno socioeconómico a fin de conservar sus valores naturales. Las medidas actuales destinadas a su manejo distan mucho de ser las mejores para asegurar su conservación.

**Espacios asilvestrados de muy difícil topografía,** cerca de 290.000 ha de terrenos de muy difícil orografía, con una vegetación destinada a evolucionar de forma natural.

**Los actores del cambio.** El resultado de las inversiones efectuadas en el monte a partir de la década de los 90 del siglo pasado comienza a observarse ahora. El último inventario forestal (IV IFN) señala un notable crecimiento de las existencias maderables y un elevado aumento de la superficie forestal arbolada.

El elevado número de propietarios forestales –más de 400.000 propietarios de montes de particulares y más de 2.800 comunidades de montes vecinales– da al monte en Galicia una alta fortaleza basada en la legitimidad social, la mayoría de las familias gallegas tienen una relación directa con él y perciben rentas de su explotación, y también una gran debilidad radicada en las dificultades de gestión que provoca la elevada fragmentación de la propiedad individual. Por otra parte, esta tipología da lugar a una gran diversidad forestal, favorecida por los distintos intereses de los propietarios y por las diversas formas de gestión de estos predios y condicionada por las diferentes situaciones estacionales presentes en Galicia.

El perfil del propietario de montes de particulares es, en la actualidad, muy diferente al que presentaba hace 30 años. Se estima que el 80% de los propietarios de montes de particulares son ciudadanos dedicados a los sectores secundario y terciario que no tienen relación profesional con las actividades agrícolas o ganaderas, porcentaje que sigue aumentando dada la tendencia al cierre de estas explotaciones. El monte para muchos de ellos constituye una fuente complementaria de rentas, para otros un quebradero de cabeza sin solución.

La fragmentación de la gestión origina demasiadas ineficacias y al final desinterés por la producción (que no por el terreno como propiedad) y abandono del monte, dejando el aprovechamiento de uno de los mayores recursos de Galicia muy lejos del óptimo y dejando también de generarse un volumen muy importante de riqueza que llegaría, precisamente por su fragmentación, a gran parte de la sociedad.

En la movilización de este gran colectivo radica la clave del manejo sostenible del territorio



El perfil del propietario de montes de particulares es, en la actualidad, muy diferente al que presentaba hace 30 años.

gallego. La política forestal debe estar básicamente orientada a favorecer la inversión y la actividad de los miles de propietarios forestales que gestionan los montes.

**El silvicultor activo.** En el caso de la agricultura y de la ganadería, la normativa y la política europea y la sociedad, reconocen una serie de beneficios para las personas que cumplen una serie de características que los definen como Agricultores a Título Principal (ATP), con el fin de fomentar la viabilidad de las explotaciones, el desarrollo rural y al aprovechamiento de los terrenos. En el caso forestal, sin embargo, no existen esas figuras, ni siquiera la de explotación forestal.

Dada la necesidad de involucrar a los propietarios forestales en inversiones a largo plazo propios de la silvicultura, parece necesario definir el estatus del silvicultor activo, es decir de los que cultivan el bosque, y formular políticas adecuadas a las necesidades de este colectivo en el que recae la enorme responsabilidad de evitar el abandono y de transmitir en mejores condiciones el patrimonio recibido.

La Asociación Forestal de Galicia está promoviendo entre todas las organizaciones forestales la figura de **silvicultor activo**, idea que ha sido muy bien acogida en todos los estamentos públicos y privados consultados. Para la implantación de esta figura sería necesario crear un registro oficial adecuado, inscribirse y darse de alta de forma voluntaria, cumpliendo los siguientes requisitos:

- Que los terrenos propios y gestionados por el silvicultor tengan una planificación forestal aprobada (instrumento de ordenación o de gestión en vigor).
- Que haya realizado una actividad económica en los diez años anteriores a su alta en el registro, justificable mediante IRPF u otra fórmula.
- Que tenga la propiedad justificada: a través del registro o declaración en el ayuntamiento y Catastro actualizado o, por lo menos, levantamiento de la incidencia en Catastro (comunicación de que existe un error y que el propietario es él) y, en su caso, contrato de alquiler o gestión del terreno (para no propietarios).
- Que sea miembro de una asociación de productores forestales registrada como tal.

**Objetivos de la política de apoyo a los silvicultores activos.** Establecer un marco normativo y fiscal que de estabilidad y permanencia a la gestión forestal, introduciendo normas que apoyen la actividad y el desarrollo del sector y que articulen las normativas concurrentes que dificultan inútilmente la actividad forestal en Galicia.

Introducir medidas eficaces que permitan superar la importante barrera que el minifundio supone para la puesta en producción de buena parte de los terrenos forestales de particulares y permitan mejorar la ordenación del territorio rural. Entre otras, las dirigidas a manejar de forma agrupada los montes, a facilitar las permutas y compra-

Se estima que el 80% de los propietarios de montes de particulares no tienen relación profesional con las actividades agrícolas o ganaderas

ventas de terrenos forestales con el fin de unificar la gestión y las orientadas a mejorar el registro de la propiedad y el Catastro, cuyo estado es muy mejorable.

Modernizar las infraestructuras que dan soporte a los aprovechamientos forestales armonizando su uso productivo con el de la prevención de incendios.

#### Medidas de apoyo a los silvicultores activos

- Exención del 100% en el Impuesto sobre Sucesiones al igual que lo contempla la Ley de Mejora de la Estructura Territorial Agraria de Galicia para los agricultores a título principal.
- Exención del Impuesto sobre Transmisiones del 90% y con una exención del coste de registro de la misma proporción en sus compras y permutas de montes.
- Prioridad en el acceso a subvenciones públicas •



## Desbroces ROCHA

Miguel González

- **Servicios forestales • Proyectos**
- **Plantación • Servicios de tractor**
- **Limpieza de fincas**

Teléfono 986 633 788 \_ Móvil 609 809 067

TABORDA \_ TOMIÑO

## DESBROCES CASELAS, S.L.

LIMPIEZA DE MONTES  
SUBSOLADO | RAREO | PODA  
PLANTACIÓN FORESTAL

Gerardo / Juan

Tel.: 986 349 145

Móvil: 649 970 053 / 649 970 052  
Salceda de Caselas | Pontevedra



# XXIX asemblea anual

## da Asociación Forestal de Galicia

A ASOCIACIÓN FORESTAL DE GALICIA celebrou o sábado 20 de xuño na Escola Politécnica Superior (EPS) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) en Lugo a súa XXIX Asemblea Xeral anual, presidindo o concelleiro de Lugo Miguel Fernández Méndez o acto de apertura.

No transcurso da asemblea someteuse a aprobación o informe económico e o informe de actividades da AFG e informouse do resultado das resolucións aprobadas na XXVIII asemblea.

O informe de actividades presentou o traballo do último ano da Asociación Forestal de Galicia, que estivo centrado en tres eidos principais:

- A colaboración institucional co resto das organizacións sectoriais para solucionar os problemas que afectan aos propietarios forestais galegos. A tramitación do PDR 2014-2020, a xestión da Rede Natura 2000, o modelo de prevención e control de incendios, a sanidade forestal e as normativas que dificultan a xestión forestal foron algúns dos temas nos que se traballou conxuntamente no último ano de forma moi satisfactoria.
- A prestación de servizos aos asociados no seu labor cotiá, dentro dos que este ano destacaron os traballos de planificación e certificación forestal. O obxectivo da AFG a medio prazo é que todos os seus socios poidan acceder de forma sinxela e económica á certificación forestal.
- O terceiro grupo de actividade foi a posta en marcha e participación en varios proxectos de I+D no eido da xestión forestal.

Tamén se abordou o Plan Forestal de Galicia. A principios de 2015 iniciouse o proceso de revisión do mesmo e desde entón a AFG está traballando neste documento que definirá o modelo de monte galego para os vindeiros anos.

A situación e a previsión do mercado da madeira ocupou tamén un espazo destacado, en especial a situación do prezo da madeira de eucalipto despois da baixada de prezos do ano 2014. Así mesmo, falouse da importancia da certificación forestal á hora da venda de madeira.

Asemade falouse da sanidade forestal. O cancro do castiñeiro, o goniptero do eucalipto e o nematodo do piñeiro seguen afectando de maneira significativa os montes galegos. Por outro lado, a presenza da avéspera do castiñeiro nos soutos galegos está converténdose nun problema cada vez maior do que a Administración debe ocuparse con urxencia.

Na última parte da asemblea Antonio Rigueiro Rodríguez, vicepresidente da AFG, e Manuel Guaita Fernández, catedráticos da USC, realizaron unha presentación dos proxectos de I+D promovidos pola AFG, algúns en colaboración coa USC.

A clausura da asemblea correu a cargo de Javier Bueno Lema, vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo da USC, despois da que se fixo unha visita ao Laboratorio de Madeira da EPS.

A xornada rematou cun almorzo na Casa Grande da Fervenza do Corgo e unha visita a Maderas Besteiro pola tarde •

# Situación actual da sanidade forestal

## **Avespa do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*).**

As principais organizacións do sector forestal, entre elas a AFG, presentaron na reunión do Consello Forestal celebrado en Santiago de Compostela o 5 de xuño de 2015 un escrito, que foi integramente subscrito por todo o Consello, solicitándolle á ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente que autorizase a loita biolóxica contra *Dryocosmus kuriphilus*, mediante a solta do seu predador natural *Torymus sinensis*. Tamén se lle pediu que se tomasen as medidas precisas para a posta en marcha dun programa de control biolóxico da praga de forma coordinada coas comunidades autónomas.

O sector lembroulle á ministra, entre outras cousas, a importancia económica da castaña en Galicia, sobre todo nas zonas de montaña máis despoboadas, e que non podiamos permanecer pasivos ante a chegada dunha nova ameaza sanitaria aos soutos galegos.

A conselleira comprometeuse a facerlle chegar a demanda á ministra.

Segundo informa o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA), en decembro de 2015 presentoulle á Rede Estatal do Castiñeiro (órgano que agrupa os representantes do sector da castañicultura das principais rexións produtoras de España) un plan de loita biolóxica contra a avespía. Este plan inclúe un proxecto de liberación experimental de *Torymus sinensis*, o seu seguimento e investigación en colaboración co Consello Superior de Investigacións científicas

(CSIC), o Instituto de Investigación e Formación Agraria e Pesqueira (IFAPA) de Churriana, en Málaga, e a Estación Fitopatolóxica do Areiro, en Pontevedra.

O MAGRAMA agarda que este proxecto, no que se realizarán liberacións experimentais de *Torymus* na primavera de 2016 nas zonas máis afectadas de Galicia e Andalucía, contribúa a diminuír o impacto da avespía e provoque os resultados científicos precisos para determinar se é posible realizar no futuro liberacións a gran escala de *Torymus sinensis*, sen que supoñan risco para as especies nativas de avespías.

Pola súa parte, na reunión do Consello Forestal do 11 de decembro de 2015, a subdirectora xeral de Recursos Forestais presentou as conclusións do informe da Estación Fitopatolóxica do Areiro, sobre a avespía en Galicia, no que se conclúe que a praga está presente en varios puntos da comunidade, polo que sería necesario ampliar a área de solta de *Torymus*, que en 2015 se limitou ao concello ourensán de Amoeiro e arredores. Tamén informou que *Torymus sinensis* non parasitou ningunha bugalla de carballo que lle foi exposta, polo que se deduce que non tería capacidade de desprazar as poboacións doutros parasitoides e conclúen que o impacto de *Torymus sinensis* sobre as poboacións autóctonas de parasitoides, en caso de existir, debería ser mínimo, xa que só dous exemplares destes coincidiron no tempo con adultos de *Torymus*.

**Cancro do castiñeiro (*Cryphonectria parasitica*).**

Na reunión do Consello Forestal do 11 de decembro de 2015 a subdirectora xeral de Recursos Forestais informou que ao longo do ano fixéronse 25.218 inoculacións de cepas hipovirulentas en castiñeiros afectados por cancro, once mil máis ca en 2014, fundamentalmente nos sotos da provincia de Ourense e no sur da de Lugo. Tamén se informou que segundo o seguimento da eficacia realizado en 2015 das inoculacións feitas en 2014, un 48,58% das feridas están cicatrizadas, un 44,94% están activas pero cicatrizándose e un 6,48% seguen activas.

***Gonipterus platensis*.** Segundo se informou na reunión do Consello Forestal do 6 de xuño de 2015, durante o pasado ano colocáronse 6.680 bolsas con ootecas parasitadas con *Anaphes nitens*, fundamentalmente entre mediados de abril e mediados de maio.

As soltas fixéronse maiormente na costa norte das provincias da Coruña e Lugo e tamén no contorno da costa atlántica. É o maior número de bolsas colocado nos últimos anos.

Na reunión do Consello Forestal do 11 de decembro pasado, a subdirectora xeral de Recursos Forestais informou que segundo se desprende dos datos obtidos das prospeccións realizadas en 2015, apréciase un lixeiro descenso do grao de defoliación do eucalipto, que parece debido aos efectos de *Anaphes*.



Eucaliptos globulus afectados polo goniptero.

Segundo se desprende dos datos obtidos das observacións que se veñen realizando, durante o período 2012-2015, a maior cantidade de ootecas obsérvase a partir de mediados do mes de abril, chegando a un máximo a finais deste mes-mediados de maio. Posteriormente, tende a descender drasticamente, para logo aumentar lixeiramente a partir de outubro novembro ata finais de ano •



**tarrío & suárez**  
obras \_ contratas

replantacións forestais  
pozos de barrena

Dorna 5 B Taragoña - 15895 Rianxo (A Coruña)

Teléfono: 981 863 034- Fax 981 861 341

e-mail: taysu@tarrioysuarez.com \_ web: tarrioysuarez.com



EXCAVACIONES



OBRAS DE CANTERÍA



REPOBLACIONES FORESTALES



CANALIZACIONES



POZOS DE BARRENA

# Viaxe lúdico-formativo a Estremadura



DURANTE OS DÍAS 9, 10, 11 E 12 DE ABRIL de 2015 un grupo de dezaoto propietarios forestais, entre os que estaba o presidente da AFG, viaxaron a Estremadura para coñecer diversos aspectos relacionados co aproveitamento nesta rexión dos recursos naturais, forestais e enerxéticos.

O primeiro día o grupo desprazouse a Salamanca, onde compartiu xantar con Jesús Castaño, presidente da Asociación Forestal de Salamanca e da Federación de Asociacións Forestais de Castela e León ademais de con outros socios da AFG residentes na cidade. Á tarde fíxose unha visita en Guijuelo (Salamanca) á empresa de embutidos ibéricos Castro y González acompañados do seu director, Miguel González Castro na que o grupo puido coñecer o proceso de fabricación do xamón e dos demais embutidos que produce.

O día 10 pola mañá visitouse a planta de biomasa de ENCE en Mérida onde o director da planta dirixiu un percorrido pola mesma e mantivo un coloquio moi interesante co grupo. O director, Álvaro Rodrigo, indicou que a planta comezou a funcionar no 2011 e que produce 20 MW eléctricos. Actualmente a planta consume principalmente chopo e eucalipto ademais de algo de piñeiro, que en moitos casos chega de distancias que superan os 100 km. O grupo tamén visitou unha finca

na que se estaba facendo unha corta de chopos para estelar en campo e cuxo destino era o seu aproveitamento enerxético nesta planta.

Na xornada do día 11 fíxose unha visita guiada ao histórico Mosteiro de Guadalupe (Cáceres). Pola tarde, visitouse unha finca de castiñeiros pertencente á empresa familiar “Castañas El Común” situada tamén en Guadalupe. O grupo escoitou as explicacións do seu propietario, Joaquín Vázquez, e tivo a oportunidade de coñecer ao ex presidente Felipe González, interesado no cultivo do castiñeiro xa que é propietario dunha finca na mesma zona. As masas de castiñeiro da finca ocupan unha extensión de máis de 300 ha e toda esta produción é tratada e preparada para a súa exportación a Canadá nas instalacións da finca onde dan traballo a máis de cen persoas no tempo da colleita. A familia convidou ao grupo a un delicioso xantar onde fillos e pais amosaron a súa sorprendente calidade de hospedeiros.

A excursión rematou o día 12 no que o grupo se desprazou a Jaraiz de la Vera para visitar unha finca de castiñeiros novos para froito acompañados polo seu propietario, Juan Trancón, que está facendo unha transformación da súa finca nun souto moi produtivo con castiñeiros procedentes de Galicia ao igual que na finca anterior •



**Árboles singulares de la España atlántica y pirenaica**

Edita: Fundación Félix Rodríguez de la Fuente  
 Autores: Ignacio Abella, José Manuel Alcañiz, Bernabé Moya, José Moya, José Plumed, Mariano Sánchez, César-Javier Palacios e Óscar Prada  
 Ano: 2014

Este caderno é o primeiro de catro que se presentaron ao longo de 2015 e que foron elaborados coa intención de difundir a importancia medioambiental e cultural do arborizado monumental e dos bosques maduros como redutos de biodiversidade e dinamizadores das economías rurais. O manual céntrase na riqueza forestal das áreas atlántico-cantábrica e alpino-pirenaica. Nel aparecen árbores centenarias e bosques maduros moi especiais desta rexión, recibindo o teixo un tratamento moi especial dada a súa importancia biolóxica e cultural e a súa condición de árbore case única da que apenas quedan xa bosques en Europa.



**Medidas contra a avespá china do castiñeiro (Dryocosmus kuriphilus)**

Edita: Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural e do Mar  
 Autores: Roi Torrente e Josefa Fernández López  
 Ano: 2015

Esta guía fai un resumo dos tratamentos fitosanitarios destinados a combater a praga da avespá china do castiñeiro que está presente en Galicia desde o 2014 e que, segundo se indica na mesma, afectará a gran parte das plantacións de castiñeiro da comunidade autónoma en poucos anos. Os datos recollidos na publicación baséanse en informes de países como Italia, Xapón ou China nos que levan tempo loitando contra a praga.

A versión dixital está dispoñible en: [www.medioruralemar.xunta.es](http://www.medioruralemar.xunta.es).



**Manual de estimación pericial en el trabajo de campo**

Edita: Generalitat de Catalunya e Centre de la Propietat Forestal  
 Autores: Ricard Farriol e Eva Vidal  
 Ano: 2014

Esta publicación preséntase como un sinxelo manual dedicado a facilitar e obxectivar a toma de datos de campo mediante a estimación pericial. Pódese considerar unha metodoloxía válida para a toma de información e para cumprir coa información que se pide nos instrumentos de ordenación forestal (plans técnicos de xestión e mellora forestal e plans simples de xestión forestal).

A versión dixital está dispoñible en: [cpf.gencat.cat](http://cpf.gencat.cat).



**A cerdeira de orixe galega para uso forestal**

Edita: Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural e do Mar  
 Autores: María Eugenia Miranda e Josefa Fernández  
 Ano: 2015

Publicación do Centro de Investigación Forestal de Lourizán na que se describen as características da cerdeira brava (*Prunus avium*), as principais pragas e enfermidades que lle afectan e os resultados das investigacións levadas a cabo en Lourizán para a mellora da especie como produtora de madeira. Na actualidade a cerdeira é unha das especies prioritarias do Programa de Mellora Xenética do "Plan de innovación e mellora forestal de Galicia (2010-2020)". Un dos resultados prácticos das investigacións levadas a cabo en Lourizán foi o rexistro dos dous primeiros clons de cerdeira no Catálogo Nacional de Materiais Forestais de Reprodución: *Prunus avium* Lourizán 1 e *Prunus avium* Lourizán-2.

A versión dixital está dispoñible en: [www.medioruralemar.xunta.es](http://www.medioruralemar.xunta.es).



**Producció de fusta**

Edita: Generalitat de Catalunya e Centre de la Propietat Forestal  
 Autores: Pau Vericat, Míriam Piqué, Mario Beltrán e Teresa Cervera  
 Ano: 2015

Este manual presenta os modelos e recomendacións de xestión para os bosques de caducifolias de folla ancha (freixo, bidueiro, álamo tremo e abeleira) de Cataluña, para os casos en que o obxectivo de xestión é a produción de madeira. Ademais, os modelos tamén integran outras funcións do bosque, como a conservación da biodiversidade, a protección e a regulación hidrolóxica ou a calidade da paisaxe.

A versión dixital está dispoñible en: [cpf.gencat.cat](http://cpf.gencat.cat).



**Producció de fusta i prevenció d'incendis**

Edita: Generalitat de Catalunya e Centre de la Propietat Forestal  
 Autores: Pau Vericat, Míriam Piqué, Mario Beltrán e Teresa Cervera  
 Ano: 2015

Manual do mesmo formato que o realizado para as caducifolias de folla ancha no que se presentan os modelos de xestión para os montes dominados por árbores do xénero *Quercus* de folla ancha (carballo albar, carballo do país, carballo negral e caxigo) de Cataluña con destino preferente para produción de madeira e tamén para a prevención de incendios.

A versión dixital está dispoñible en: [cpf.gencat.cat](http://cpf.gencat.cat).

## Principais liñas de axudas que contempla o PDR 2014-2020 en Galicia

O pasado mes de novembro a Comisión Europea (CE) aprobou finalmente o Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020 para Galicia co que se artellan os cartos do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) que financiará boa parte das axudas que recibirá o monte galego no vindeiros cinco anos. Incomprensiblemente, da versión presentada a aprobación da CE, a Xunta de Galicia fixo desaparecer a medida que ía financiar as compensacións polas restricións sufridas polos propietarios forestais con propiedades dentro da Rede Natura 2000. Descoñecemos as razóns desta supresión.

Expóñense a continuación as principais liñas de axudas que se irán abrindo a partir de agora. As condicións e requisitos específicos de cada liña (superficies máximas e mínimas, tipo de terreos subvencionables, actividades, orzamento) non se coñecerán ata a publicación de cada convocatoria.

En calquera caso para poder solicitar estas axudas será obrigatorio, en liñas xerais, contar un instrumento de ordenación ou xestión forestal, ou adherirse aos referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas orientativos dos distritos forestais e máis presentar un mínimo de tres ofertas a distintos provedores calquera que sexa o gasto.

### 8.1. Axudas para a creación de superficies forestais

Financiarase a reforestación e a creación de novas superficies aprobadas mediante a plantación de especies forestais adaptadas ás condicións medioambientais e climáticas da zona e o apoio á forestación en zonas de colonización natural, cando sexa necesaria unha plantación adicional.

O investimento máximo por hectárea será de 1.900 e 2.400 €/ha para a axuda á forestación, segundo sexan coníferas ou frondosas, e de 320 e 400 €/ha-ano para a prima de mantemento, respectivamente, que terán unha duración de 7 anos e abonaranse en tres prazos.

As axudas poderán ser de ata o 100% dos gastos subvencionables. Os terreos a forestar deberán ser superficies desarboradas ou con arborado ralo. As persoas beneficiarias das axudas comprométese a manter e conservar a masa creada durante a queda da especie. Non se financiarán plantacións de eucalipto.

### 8.2. Axudas para sistemas agroforestais

Financiarase a implantación e mantemento de sistemas agroforestais, entendidos como aquelas superficies onde se combina a presenza de arborado coa actividade agrícola ou gandeira.

Daráselle prioridade ás superficies situadas en zonas de montaña. A axuda será do 80% dos gastos subvencionables. Prevese primas de mantemento durante un período máximo de 5 anos en tres prazos. Non se financiarán plantacións de eucalipto.

### 8.3. Axudas para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes

Financiaranse prácticas preventivas como: control da vexetación, queimas prescritas, rozas, desmestas, rareos e podas,

erradicación de plantas invasoras, construción de camiños, puntos de abastecemento de augas, cortalumes, heliportos e aeródromos, prevención e loita integrada contra pragas, prevención da propagación de fungos e insectos redacción de instrumentos de ordenación ou xestión forestal...

A axuda financiará o 100% dos gastos subvencionables.

### 8.4. Axudas para a reparación dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes

Financiarase a restauración do potencial forestal danado por incendios forestais, pragas e doenzas e outros desastres naturais, as obras de restauración hidrolóxica-forestal, obras de restauración forestal despois de pragas, doenzas e outros desastres naturais (vendavais).

A axuda á recuperación do potencial forestal danado quedará supeditada ao recoñecemento oficial por parte da autoridade competente de que se produciu un desastre natural e que ese causou a destrución de polo menos o 20% do potencial forestal. A axuda financiará o 100% dos gastos subvencionables.

### 8.5. Axudas a investimentos para incrementar a capacidade de adaptación e o valor medioambiental dos ecosistemas forestais

Considéranse financiáveis os investimentos en restauración e melloras de masas de frondosas caducifolias (soutos, bidueirais e bosques mixtos de carballos, entre outras), mediante diversos tratamentos silvícolas, os tratamentos de axuda aos rexenerados naturais destas especies, ao enriquecemento de plantacións de coníferas con especies ecoloxicamente valiosas que incrementen a súa biodiversidade e resiliencia, proxectos de ordenación de masas de frondosas caducifolias autóctonas. Tamén se financiarán investimentos para mellorar o carácter de utilidade pública ou ambiental dos bosques: carreiros, áreas recreativas, deslindes e amolloamentos de montes públicos, montes veciñais en man común e montes de varas e revisión dos esbozos en montes veciñais en man común.

A axuda financiará o 100% dos gastos subvencionables.

### 8.6.- Investimentos en tecnoloxías forestais

Financiaranse tratamentos silvícolas produtivos (rozas, claras e podas temperás), pequenos viveiros a pé de monte, elaboración e adaptación á lexislación de plans de xestión forestal ou instrumentos equivalentes... e investimentos en transformación e comercialización de produtos forestais.

A axuda poderá financiar o 40% do investimento subvencionable. As primeiras axudas financiadas con cargo a este PDR foron convocadas o 30 de decembro de 2005 (axudas á forestación de terras non agrícolas, á silvicultura, á prevención de incendios forestais en montes veciñais e SOFOR e a investimentos industriais). Ao longo do 2016 prevese que se vaian convocando outras axudas así como unha nova convocatoria das abertas a finais de 2015. A AFG informará aos seus asociados puntualmente das convocatorias que se vaian abrindo.

## Cambios na estrutura orgánica das consellerías competentes en montes e conservación da natureza

A comezos do pasado mes de outubro, produciuse unha nova modificación da estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do que se derivaron varios cambios na administración forestal e na dirección xeral de Conservación da Natureza.

Desde entón, a antiga Consellería do Medio Rural e do Mar, dividiuse en dúas: Consellería do Mar e Consellería do Medio Rural. Derivado desta división, os asuntos forestais quedaron adscritos á Dirección xeral de Ordenación e Produción Forestal, con Tomás Fernández-Couto á súa cabeza. Ángeles Vázquez Mejuto, deixou a alcaldía de Melide para asumir a representación máxima da Consellería do Medio Rural.

Asemade a antiga Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas desdobrouse noutras dúas: a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, á fronte desta última designouse á anterior conselleira de Traballo e Benestar Social, Beatriz Mato Otero e dentro dela quedou a Dirección xeral de Conservación da Natureza da man de Ana María Díaz López, que ata entón desempeñaba o cargo de directora xeral de Emprego e Formación.

## Representantes das principais organizacións do sector forestal reuníronse coa conselleira do Medio Rural

Representantes das principais organizacións do sector forestal (AFG, SERFOGA, ASEMFO GALICIA, PROMAGAL, VIFOGA, AFG, SILVANUS, ASEFOGA e CONFEMADERA GALICIA), reuníronse o 8 de febreiro coa conselleira do Medio Rural. Esta reunión é a continuación dunha liña de colaboración institucional iniciada no ano 2014.

Os temas estratéxicos abordados foron:

**PDR de Galicia 2014-2020.** O sector trasladoulle o seu desexo de participar activamente no deseño e planificación das ordes de axudas que se vaian publicar nos vindeiros anos financiados con estes fondos europeos. Pedíuse tamén unha análise dos beneficiarios das axudas dos últimos anos, así como dos motivos polos que se rexeitan algunhas solicitudes, a fin de poder deseñar mellor as convocatorias e dirixilas a aqueles traballos e silvicultores que precisan as axudas. A conselleira considerou aceptable a proposta.

**Plan Forestal de Galicia.** Solicitouse que se puxeran todos os medios necesarios para que o Plan Forestal estea redactado neste ano 2016 (segundo os indicadores xa elaborados) e sexa sometido a aprobación polo Parlamento de Galicia. Aproveitouse para transmitir as felicitacións polo bo traballo feito pola Administración no proceso de elaboración dos indicadores. A conselleira dixo que a súa idea é que en 2016 se remate e consultaré se é posible que sexa aprobado polo Parlamento.

**Contratos de xestión para as comunidades de montes veciñais en man común.** Trasládouse á conselleira a preocupación do sector por poñer en marcha os traballos necesarios para dispoñer dos contratos de xestión que substituirán aos consorcios e convenios. A conselleira informou que este proceso inda non está en axenda polo que non podía dar unha data aproximada de cando remataría.

**Normativas e disposicións.** Fíxose unha exposición das normativas e disposicións que dificultan ou impiden a xestión forestal como son as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia, a aplicación da normativa europea sobre co-

mercialización de madeira e os seus produtos, o proxecto de lei do solo de Galicia, as ordenanzas municipais en materia forestal, o Regulamento xeral de vehículos, o decreto de aproveitamentos... A conselleira mostrouse sorprendida pola cantidade de normativa que non era acorde coa xestión forestal, segundo o sector.

**A investigación forestal.** Trasládouselle a necesidade de ter un organismo coordinador da investigación forestal en Galicia para evitar descoordinación ou duplicidade dos traballos realizados nos diferentes centros de investigación e solicitouse que se permita a participación activa do sector neste ámbito. A conselleira informou que estaban traballando nese sentido.

**A sanidade forestal.** Solicitouse información continua sobre o estado das doenzas que máis están afectando ás masas forestais galegas e tamén o nomeamento dun experto en sanidade forestal como responsable das actuacións. Pedíuselle especialmente que se facilitara información sobre o estado da corentena do nematodo do piñeiro e das súas perspectivas. A conselleira informou que xa tiña un informe interno e que en breve esperaba poder informarnos ao respecto.

**Status de silvicultor activo.** Presentóuselle a proposta de creación da figura de status de silvicultor activo, que recoñeza a aquelas persoas que xestionan con criterios de sostibilidade os seus montes en contraposición aos propietarios que teñen as súas propiedades forestais abandonadas. De principio pareceulle boa e lóxica a proposta.

**Rede Natura 2000.** Trasládouselle á conselleira as dificultades dos propietarios forestais para xestionar os seus montes dentro da Rede Natura 2000 e dos novos impedimentos que xurdiron a raíz da aprobación da modificación da Lei do patrimonio natural e da biodiversidade en setembro de 2015. A conselleira recoñeceu a necesidade de cambiar a forma de actuar da Administración nestes casos e informou que está traballando coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para intentar modificar a situación.

## Modificación da Lei de patrimonio natural e da biodiversidade

O 22 de setembro do pasado ano, publicouse no Boletín Oficial do Estado a Lei 33/2015, de 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Algunhas das persoas asociadas á Asociación Forestal de Galicia coñecen ben esta lei porque é a empregada polos servizo de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia para multar, en principio, a todas aquelas persoas que fixeron plantacións (normalmente de piñeiro e eucalipto) nas zonas que estaban propostas para ampliación da Rede Natura 2000.

Como moi ben se di no seu preámbulo esta lei, establece o réxime xurídico básico da conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade española, como parte do deber de conservar e do obxectivo de garantir os dereitos das persoas a un medio ambiente adecuado para o seu benestar, saúde e desenvolvemento.

Pero o que máis lle pode interesar a unha persoa que teña propiedades forestais é saber que nesta norma recóllense como infraccións administrativas:

- O deterioro ou alteración significativa dos compoñentes de hábitats prioritarios de interese comunitario ou a destrución de compoñentes, ou deterioro significativo do resto de compoñentes de hábitats de interese comunitario (apartado j) do artigo 80).
- A alteración significativa dos hábitats de interese comunitario (apartado q) do artigo 80).

No primeiro caso trátase dunha infracción grave (pero pode chegar a ser moi grave se a valoración dos danos supera os 200.000 euros) e está penalizada, como mínimo, con multas de 3.001 a 200.000 euros. No segundo caso pode ser leve (multas de 100 a 3.000 euros) ou grave, se a valoración dos danos supera os 100.000 euros.

Ao marxe da contía das multas, o asunto é aínda máis preocupante se temos en conta que non todos os propietarios forestais teñen capacidade de distinguir estes hábitats sobre o terreo e o asunto agrávase sabendo que en España non se conta cunha rigorosa cartografía de hábitats nin, que se saiba, está en proceso de elaboración. E tampouco existe unha ferramenta de uso sinxelo polos propietarios forestais para poder consultar na cartografía existente se polo menos hai probabilidades de que na súa parcela medren os hábitats naturais definidos na Directiva Hábitats.

A lei estende a todo o territorio nacional unha medida que a lexislación europea obriga a respectar dentro dos territorios incluídos na Rede Natura, que entende pode ser de aplicación fóra destes espazos cando estes son afectados directos.

Resumindo, nin a lexislación europea obriga a esta protección, nin España conta con medios para que os xestores do territorio poidan evitar incorrer nestas faltas administrativas.

A Asociación Forestal de Galicia e a Confederación de Organizacións de Silvicultores de España (COSE) intentaron evitar que a modificación da lei fose máis gravosa aínda que a lei orixinaria para os propietarios forestais, sen conseqüilo.

O pasado mes de agosto a Asociación Forestal de Galicia dirixiuse aos Senadores galegos e máis aos que forman parte da Comisión de Medio Ambiente e Cambio Climático para informalos das consecuencias que esta lei tiña na xa exígua renda dos propietarios forestais galegos. O Senado aprobou a modificación o 3 de setembro de 2015 tal como a recibiu do Congreso dos Deputados, agás a corrección de dúas erratas. A día de hoxe non recibimos ningunha resposta dos nosos representantes na Cámara Alta.

## Acordo de París: 195 países chegan a un acordo para mitigar o cambio climático

O pasado mes de decembro de 2015, no Cumio do Clima (COP21) que tivo lugar na capital francesa, acadouse o xa chamado Acordo de París, que pretende limitar o incremento da temperatura a final deste século por debaixo de 2 °C, e de ser posible chegar a 1,5 °C por debaixo dos niveis pre industriais. Para isto faise unha aposta firme polo desenvolvemento das enerxías renovables.

Trátase do primeiro gran acordo para frear o quentamento da terra. Entrará en vigor en 2020 e todos os países que o ratifiquen deberán presentar o paquete de medidas que van adoptar para conseguir como mínimo o acordado, inda que se poden poñer en práctica medidas máis ambiciosas se os países así o queren, o que sería desexable se se quere acadar o obxectivo fixado.

O acordo establece máis obrigas para os países desenvolvidos que para os que están en vías de desenvolvemento e crea un fondo de 100 millóns de dólares anuais para axudar aos países máis pobres a adaptarse ao cambio climático e tamén para que poidan medrar economicamente con baixas emisións de dióxido de carbono.

Estamos ante un acordo moi importante, pero que non representa a vía definitiva para tratar de frear o cambio climático. Danse uns prazos demasiado longos Os países deben establecer uns plans de redución de emisións máis estritos, cos que presentaron no Cumio de París non abonda para cumprir o obxectivo. Asemade, o acordo non elimina os aspectos mercantilistas do clima, coma os mercados de carbono, que favorecen a especulación.

## O director da AFG asiste á asemblea xeral de COSE en Murcia



Algúns dos asistentes á asemblea de COSE en Murcia visitando a finca “La Hoya de Don Gil”.

Francisco Dans del Valle, director da Asociación Forestal de Galicia, asistiu o 23 de outubro de 2015 á asemblea da Confederación de Organizacións de Silvicultores de España (COSE) que se celebrou en Caravaca de la Cruz (Murcia).

No transcurso da Asemblea fíxose un repaso das actuacións levadas a cabo durante o presente ano tanto de reunións técnicas como de carácter institucional que consolidan a súa interlocución coa Administración ao acercar a realidade dos montes ás normativas e plans sectoriais, formulando propostas que melloren a situación forestal, así como o reforzo co resto de entidades do sector.

A asemblea aprobou a iniciativa presentada pola Asociación Forestal de Galicia para promover a creación da figura do silvicultor activo. Ademais presentáronse as xornadas e accións de divulgación, presenza en feiras e desenvolvemento de proxectos, como LandsCare e Biosonic, que realizou COSE.

Tamén houbo un espazo para o debate dos temas actuais que máis lles están afectando aos propietarios forestais, como a Rede Natura 2000 e os problemas de sanidade forestal, e un intercambio de experiencias entre as diferentes asociacións provenientes de toda a xeografía española, por boca dos seu representantes.

A Asemblea concluíu coa fixación de prioridades e liñas estratéxicas para o 2016, ademais de novas iniciativas de interese para os propietarios forestais, como un proxecto innovador de cooperación sobre indicadores socioeconómicos e ambientais da silvicultura para proporcionar información estatística de calidade.

## Nova etapa na Unión de Silvicultores do Sur de Europa

Tras o falecemento en abril de 2013 do antigo presidente da USSE, Jean Louis Martres, e o posterior cambio na xerencia da agrupación en 2014, a USSE afronta unha nova etapa cun novo equipo nun momento no que os propietarios forestais necesitan unha representación forte e clara na política forestal a escala nacional, rexional e global, dada a importancia que os bosques están adquirindo en temas tan relevantes na axenda internacional como por exemplo o cambio climático e o quentamento global.

O 11 de decembro pasado celebrouse en Madrid unha reunión do Directorio de USSE, á que acudiu o presidente da AFG, Francisco Javier Fernández de Ana Magán, onde se abordou a estratexia a seguir nesta nova etapa.

O ano 2015 foi un ano intenso e importante para a USSE debido á gran actividade que houbo a escala rexional e global no que a materia de política forestal se refire. A agrupación, en tanto que organización observadora de moitos dos foros internacionais de decisión, seguiu con especial atención o desenvolvemento e cristalización das diferentes decisións adoptadas en distintos foros (ONU, FAO, 7ª Conferencia Ministerial e a Conferencia Ministerial Extraordinaria sobre a Protección de Bosques en Europa (FOREST EUROPE)).

Todas estas decisións tanto a nivel global como rexional, sen esquecer a lexislación proveniente da Unión Europea, establecen a axenda política en materia forestal dos próximos anos. Os propietarios forestais veranse afectados en maior ou menor medida pola materialización a nivel nacional de todas estas políticas, e é aquí onde a USSE como agrupación representante dos mesmos ten un labor importante que desempeñar en aras a defender os intereses dos propietarios forestais.

DOGA

**Catálogo galego de árbores senlleiras**

O 6 de febreiro de 2015 publicouse o Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.

**Información pública decreto reinvestimento dos ingresos MVMC**

O 17 de xuño de 2015 publicouse a resolución do 8 de xuño de 2015, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar, pola que se acorda someter a información pública o Proxecto de decreto polo que se desenvolve a obriga de reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de posta en valor e multifuncionalidade.

**Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia**

O 14 de xullo de 2015 publicouse a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

**Lei de estradas de Galicia**

O 13 de agosto publicouse a Lei 6/2015, do 7 de agosto, pola que se modifica a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

**Autorización cortas especies sensibles ao nematodo**

O 23 de outubro publicouse a resolución do 16 de outubro de 2015, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se establece a data de inicio das autorizacións de cortas de especies sensibles ao nematodo do piñeiro (*Bursaphelenchus xylophilus*) na zona demarcada das Neves.

**Estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural**

O 18 de novembro publicouse o Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

**Impostos sobre sucesións e transmisións**

O 31 de decembro publicouse a Lei 13/2015, do 24 de decembro de medidas fiscais e administrativas.

BOE

**Lei de montes**

O 21 de xullo publicouse a Lei 21/2015, de 20 de xullo, pola que se modifica la Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes.

**Lei do patrimonio natural e da biodiversidade**

O 22 de setembro de 2015 publicouse a Lei 33/2015, de 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

**Lei de estradas**

O 30 de setembro de 2015 publicouse a Lei 37/2015, de 29 de setembro, de estradas.

**Lei do procedemento administrativo común**

O 2 de outubro de 2015 publicouse a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Lei do réxime xurídico do sector público**

O 2 de outubro publicouse a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**Legalidade da comercialización da madeira**

O 11 de decembro publicouse o Real Decreto 1088/2015, de 4 de decembro, para asegurar a legalidade da comercialización de madeira e produtos da madeira.

**Alfredo Agra Gutiérrez**  
**Enxeñeiro Técnico Forestal**



Colexiado: Cobián Areal 14 - Oficina 604  
 nº 297 COETFOGA 36001 Pontevedra  
 nº 2.310 COITF agra2310@ingforestal.org

**Teléf.: 658 54 90 19**  
**www.mftopografia.com**

**SESFOR**



**Estudios e Iniciativas Forestales, S.L.**

Viceso, nº 4 15839 Brión (A Coruña)  
 Teléfono: 981 886 442  
 sesfor@sesfor.com \_ www.sesfor.com

**Planificación territorial**  
**Planes de gestión forestal**  
**Estudios de impacto ambiental**  
**Cartografía y proyectos**  
**Estudios e informes de ingeniería forestal**

**Ordenanza plantacións e cortas de árbores en Santiso**

O 28 de xaneiro de 2015 publicouse no BOP de Lugo a aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das plantacións e cortas de árbores.

**Ordenanza prevención de incendios e outros en Meira**

O 6 de febreiro de 2015 publicouse no BOP da Coruña a Ordenanza non fiscal para a prevención de incendios forestais e o aseguramento das condicións de seguridade e salubridade dos terreos pola que se regulan as plantacións arbóreas, as obrigas de xestión de biomasa e os usos do lume no concello de Meira.

**Ordenanza xestión de biomasa e distancias das plantacións en Punxín.**

O 7 de febreiro publicouse no BOP de Ourense a Ordenanza municipal reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do concello de Punxín.

**Ordenanza limpeza de terreos e prevención de incendios en Meaño**

O 9 de febreiro de 2015 publicouse no BOP de Pontevedra o texto refundido da Ordenanza reguladora da limpeza de terreos e solares e de medidas de prevención de defensa contra incendios forestais no termo municipal de Meaño.

**Ordenanza plantacións forestais e corta de madeira de Dodro**

O 5 de marzo publicouse no BOP da Coruña a Ordenanza municipal reguladora de plantacións forestais, depósito, carga e transporte de madeira e tala do concello de Dodro.

**Ordenanza xestión de biomasa e distancias das plantacións en Tomiño**

O 26 de marzo publicouse no BOP de Pontevedra a Ordenanza municipal de xestión de biomasa e distancias das plantacións no concello de Tomiño.

**Ordenanza do uso do dominio público local pola saca da madeira en Baleira**

O 15 de abril publicouse no BOP de Lugo a Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do concello de Baleira.

**Ordenanza de xestión de biomasa de Lourenzá**

O 4 de maio de 2015 publicouse no BOP de Lugo a Ordenanza municipal da xestión da biomasa e distancias das plantacións do concello de Lourenzá.

**Ordenanza limpeza de terreos e distancias das plantacións de Monforte de Lemos**

O 8 de maio de 2015 publicouse no BOP de Lugo a Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos, distancias das plantacións e xestión da biomasa do concello de Monforte de Lemos.

**Ordenanza limpeza de terreos e distancias das plantacións de Paradela**

O 23 de maio de 2015 publicouse no BOP de Lugo a Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos, distancias das plantacións e xestión da biomasa do concello de Paradela.

**Ordenanza xestión de biomasa e distancias das plantacións en Mugarbos**

O 19 de xuño de 2015 publicouse no BOP de A Coruña a Ordenanza municipal reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do concello de Mugarbos.

**Ordenanza plantacións forestais e prevención de incendios en Valdoviño**

O 6 de agosto de 2015 publicouse no BOP da Coruña a Ordenanza municipal reguladora das plantacións forestais e froiteiras, con respecto á conservación do uso dos terreos colindantes e a prevención contra incendios forestais no concello de Valdoviño.

**Ordenanza xestión de biomasa e distancias das plantacións en Oza-Cesuras**

O 21 de agosto de 2015 publicouse no BOP da Coruña a Ordenanza reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións no municipio de Oza-Cesuras.

**Ordenanza xestión de biomasa e distancias das plantacións en Maside**

O 1 de outubro publicouse no BOP de Ourense a Ordenanza municipal reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do concello de Maside.

**Ordenanza xestión de biomasa e distancias das plantacións na Cañiza**

O 13 de outubro publicouse no BOP de Pontevedra a Ordenanza reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións no concello da Cañiza.

**Ordenanza xestión de biomasa e distancias das plantacións en Amoeiro**

O 23 de decembro publicouse no BOP de Ourense a Ordenanza municipal reguladora da xestión da biomasa e das distancias mínimas das plantacións do Concello de Amoeiro.

**Ordenanza xestión de biomasa e distancias das plantacións en Dodro**

O 24 de decembro publicouse no BOP da Coruña a Ordenanza reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do concello de Dodro.

**Ordenanza xestión de biomasa e distancias das plantacións en Allariz**

O 29 de decembro publicouse no BOP de Ourense a Ordenanza reguladora da xestión da biomasa e das distancias das plantacións do Concello de Allariz.

# Participación da AFG

## en actos de interese forestal [ resumo ]

- **Reunión da xunta directiva da Asociación Euroeume** nas Pontes. Asistiu José Luis Corral (27 de xaneiro e 2 de xuño).
- **Asemblea Xeral do GDR “Asociación Costa Noroeste”** en Fene. Asistiu Manuel Varela (9 de febreiro e 8 de outubro).
- **Reunión de asociacións de propietarios forestais sobre prezos da madeira** en Cedeira, O Vicedo, Cerdido, Ortigueira, Vegadeo e Viveiro. Asistiron Manuel Varela e José Luis Solloso (21 de febreiro, 21 de marzo, 9 de maio, 6 de xuño, 11 de xullo, 5 de setembro, 17 de outubro, 12 de decembro de 2015 e 30 de xaneiro de 2016).
- **Reunión do Grupo de traballo de revisión do Plan Forestal de Galicia** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (26 de febreiro, 9 de abril, 12 de maio, 25 de xuño, 9 de xullo, 17 de setembro, 21 de outubro, 5 de novembro e 17 de decembro).
- **Reunión con representantes de comunidades de montes da zona de Pontearreas** en Pontearreas. Participaron Francisco Fernández de Ana, Jesús Mosquera e Carlos Hermida (25 de marzo e 4 de setembro).
- **Reunión de organizacións sectoriais forestais co secretario xeral do Valedor do Pobo** en Santiago. Participou Cristina Verde (27 de maio).
- **Reunión do Consello Forestal de Galicia** en Santiago. Participou Francisco Dans (5 de xuño e 11 de decembro).
- **Reunión da Xunta Xeral de Selga** en Santiago (13 de xullo).
- **Reunión de organizacións do sector forestal coa secretaria xeral de Ordenación do Territorio** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (23 de xullo).
- **Reunión da Mesa da Madeira de Galicia** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (20 de outubro).
- **Asemblea xeral de COSE** en Murcia. Asistiu Francisco Dans (23 de outubro).
- **Reunión con representantes dos grupos parlamentarios galegos sobre a Lei do Solo** en Santiago. Asistiu Francisco Dans (27 de outubro, 3, 10 e 11 de novembro).
- **Xornada “O recurso madeireiro nos montes de Galicia: situación e mercado”** en Santiago. Asistiron Francisco Fernández de Ana, Juan Ramón Gallástegui, Rogelio Pesqueira, Braulio Molina, Francisco Dans, Cristina Verde, Margarita López, Xosé Covelo e Celina Veiga (27 de novembro).
- **Reunión do directorio de USSE** en Madrid. Asistiu Francisco Fernández de Ana (11 de decembro).

### 2016

- **Reunión de asociacións de propietarios forestais co director xeral de Ordenación e Producción Forestal** en Santiago. Asistiu José Luis Solloso (20 de xaneiro).
- **Xornada sobre aproveitamentos forestais alternativos** en Irixoa. Presentou relatorio Xosé Covelo (30 de xaneiro).
- **Reunión de asociacións do sector forestal coa Concelleira do Medio Rural** en Santiago. Asistiu Francisco Dans e Cristina Verde (8 de febreiro).

TRABAJOS AGRICOLAS Y FORESTALES

**Manuel Graña Golán**  
(Manoño)



Tel.: 981 19 18 03  
Móvil: 606 58 02 04  
Calvos  
Arzúa (A Coruña)

**EXCAVACIONES**

**MUÑEZ**

**DESBROCES**

**EXCAVACIONES Y DESBROCES MUÑEZ, S.L.**

TODO TIPO DE EXCAVACIONES - ANILLOS ANIMPOSTERÍA  
SERVICIOS FORESTALES - PODA - LIMPIEZA DE MONTES -  
PLANTACIÓN FORESTAL - TALA DE ARBÓLES - CORTA DE MADERA -  
TRITURACIÓN DE RAMA PARA BIOMASA

COMPROMISOS DE LA EMPRESA ADECUADA PARA LA  
REALIZACIÓN DE TODOS LOS TRABAJOS

TRACTOR - REMOLQUE - DESBROZADORA DE ARRASTRE  
TRACTOR GRUA - MINI RETROEXCAVADORA CON CAZOS  
MANTILLO INCAICION - PINZA Y DESBROZADORA -  
RETRO EXCAVADORA CON CAZOS, MARTILLO PUNZADOR,  
PINZA, DESBROZADORA INCANESCENTE DE LENTE PARA MADERA -  
DESBROZADORAS DE MANDO - MOTOSERRAS - PODADORAS

Parada, nº 39 - Xinzo  
36591 Pontearreas - Pontevedra  
Móvil Oficina: 627.214.632  
Móvil Obras: 679.858.005 / 660.893.180  
E-mail: excavacionesydesbroces@hotmail.com



# Mercado da madeira en Galicia

Xosé Covelo Míguez


Xerente da unidade de comercialización de madeira de Selga

**Prezos estables no eucalipto.** Levamos unha tempada que os prezos do eucalipto glóbulus estabilizáronse e mesmo se observaron certas melloras progresivas respecto ao prezo acadado tras a importante baixada de mediados do ano 2014. A progresiva subida do valor da pasta de papel ao longo do 2015 e que aínda persiste levou a compensar en gran parte esa baixada, iso si, sen chegar a recuperar prezos previos a 2014. Non se espera que se chegue a curto ou medio prazo a acadar eses valores, pero non é de esperar que os prezos do eucalipto glóbulus para pasta de papel poidan chegar a descender nos vindeiros meses.

Non foi nin é o caso do eucalipto nitens. Esta especie aparentemente presenta cada vez menos interese para a industria pasteira. De aí que diver-

sas empresas o paguen moi por debaixo do glóbulus, entre 6 e 14 euros por tonelada menos. En todo caso é preciso indicar que “aparentemente” en moitos casos pode parecer que o nitens se vende a prezos similares que o glóbulus. Hai que ter en conta que o nitens véndese case sempre sen casca, uns seis euros superior ao prezo respecto á madeira con casca, mentres que en glóbulus pódese falar tanto con casca como sen casca. Ou sexa, non son comparables prezos de nitens sen casca con referencias de glóbulus con casca. Se hai un ano, o nitens e o glóbulus rondaban os 30-31 euros (en pé, con casca, sen IVE), agora o nitens págase a 22-24 euros no mellor dos casos.

As compañías pasteiras, tanto Ence como as outras con presenza na península, están a reducir as súas compras de nitens. Aínda así, a madeira desta especie con destino a Portugal para fabricar pasta de papel séguese pagando mellor que para as pasteiras locais, o que ven sendo a principal saída



do produto. En canto ao futuro, queda a posibilidade de que apareza algún novo operador que demande esta madeira e relance os prezos, pero polo de agora esa situación non se produciu. Iso si, hai que lembrar que, aínda que a prezos inferiores aos de destino pasta, esta especie de eucalipto segue tendo saídas como madeira de trituración para a fabricación de taboleiros.

Outra tendencia no mercado da compra-venda do eucalipto vai pasar polas compras agrupadas. Ou sexa, vender conxuntamente varias propiedades para constituír un couto redondo e así os propietarios poder obter un maior valor da súa madeira. Diversas empresas están apostando por primar estas vendas conxuntas e así lograr chegar a lotes demasiado pequenos e optimizar custos de corta e saca.

**Mercado do piñeiro.** Sen novidades ao respecto. Segue existindo un diferencial norte-sur importante, dos 28 €/t de media nos lotes na metade norte da comunidade aos 30 e 38 €/t de prezo medio no sur de Pontevedra. Entre eses dous rangos móvese practicamente a totalidade dos lotes de fustal en corta de piñeiro en Galicia.

O puntal mellorou lixeiramente nos últimos meses, podéndose acadar prezos de entre 12 e 18 €/t en rareos dependendo das condicións orográficas, accesibilidade e se é un primeiro ou segundo rareo. Nos terceiros rareos estes prezos mellóranse

na media do lote pois unha parte do produto é rolla con aproveitamento para serradoiros. Na zona de influencia da fábrica de pasta de coníferas de Viana de Castelo, os prezos poden ser uns 3-5 euros superiores aos anteriormente comentados.

No que respecta á zona demarcada de corentena fitosanitaria polo nematodo no sur de Pontevedra, na actualidade, dende outubro ata aproximadamente marzo-abril de 2016, as operacións que afectan ao piñeiro atópanse autorizadas polo que os propietarios forestais están aproveitando para realizar as cortas planificadas para este período.

**Certificación forestal e mercado.** No que respecta á madeira certificada de piñeiro, a vantaxe económica reflíctese basicamente en 1-2 €/t en madeira de puntal e apenas se observa diferencial na madeira de serra. No caso de eucalipto a cuestión cambia, pois a prima da madeira por proceder dun monte certificado é salientable. Ata hai pouco tempo pagábanse uns 2-3 euros/tonelada máis pola madeira de eucalipto certificada PEFC e uns 5-6 euros/tonelada pola FSC. Na actualidade segue existindo unha prima pola madeira certificada, pero estase impondo a dobre certificación, pagándose por unha banda uns 3 €/t a madeira de eucalipto para pasta proveniente de montes cunha soa certificación e uns 4 €/t naqueles montes coas dúas certificacións •

# Precios orientativos de la madera gallega

enero 2016

## MADERA DE DESENLLO O CHAPA

Rolla limpia de nudos, derecha y sin azular

	PRECIOS EN CARGADERO DE CAMIÓN	PRECIOS EN PARQUE DE FÁBRICA
Pino gallego, desenrollo, $\varnothing > 38$ cm	47-62 €/m <sup>3</sup> c/c	55-70 €/m <sup>3</sup> c/c
Pino gallego, chapa plana, $\varnothing > 55$ cm	110 €/m <sup>3</sup> c/c	120 €/m <sup>3</sup> c/c
Eucalipto, desenrollo, $\varnothing > 38$ cm	51-54 €/m <sup>3</sup> c/c	59-62 €/m <sup>3</sup> c/c
Eucalipto, chapa plana, $\varnothing > 70$ cm	76-89 €/m <sup>3</sup> c/c	84-97 €/m <sup>3</sup> c/c

## MADERA DE SIERRA

Rolla derecha, verde y sin azular

	PRECIOS EN CARGADERO DE CAMIÓN	PRECIOS EN PARQUE DE FÁBRICA
Pino gallego y pino radiata, $\varnothing 14$ a 19 cm	31-34 €/m <sup>3</sup> c/c	42-45 €/m <sup>3</sup> c/c
Pino gallego y pino radiata, $\varnothing 20$ a 29 cm	37-40 €/m <sup>3</sup> c/c	45-47 €/m <sup>3</sup> c/c
Pino gallego y pino radiata, $\varnothing > 30$ cm	41-53 €/m <sup>3</sup> c/c	48-61 €/m <sup>3</sup> c/c
Eucalipto globulus, $\varnothing > 35$ cm	51-54 €/m <sup>3</sup> c/c	59-62 €/m <sup>3</sup> c/c
Castaño (según usos)	80-120 €/m <sup>3</sup> c/c	-
Roble (según usos)	-	48-85 €/m <sup>3</sup> c/c

## MADERA PARA TABLERO

Cualquier calidad, incluyendo raberones, piezas torcidas o secas, ramas, etc.

	PRECIOS EN CARGADERO DE CAMIÓN	PRECIOS EN PARQUE DE FÁBRICA
Pino gallego y pino radiata	24-34 €/m <sup>3</sup> c/c	32-44 €/m <sup>3</sup> c/c
Eucalipto spp., $\varnothing > 8$ cm	35-39 €/m <sup>3</sup> c/c	43-47 €/m <sup>3</sup> c/c
Eucalipto spp., $\varnothing < 8$ cm	22-24 €/m <sup>3</sup> c/c	30-32 €/m <sup>3</sup> c/c

## MADERA PARA PASTA DE CELULOSA

	PRECIOS EN CARGADERO DE CAMIÓN	PRECIOS EN PARQUE DE FÁBRICA
Eucalipto globulus, $\varnothing > 7$ cm	40-45 €/m <sup>3</sup> c/c	48-60 €/m <sup>3</sup> c/c
	47-61 €/m <sup>3</sup> s/c	57-71 €/m <sup>3</sup> s/c
Eucalipto nitens, $\varnothing > 7$ cm	32-46 €/m <sup>3</sup> c/c	40-52 €/m <sup>3</sup> c/c
	39-51 €/m <sup>3</sup> s/c	49-61 €/m <sup>3</sup> s/c

## MADERA PARA BIOMASA

PRECIOS EN CARGADERO DE CAMIÓN

PRECIOS EN PARQUE DE FÁBRICA

Madera para astilla y pélet (calefacción y agua caliente)

Pino gallego y pino radiata	24-33 €/t c/c	31-42 €/t c/c
Madera para astilla y pélet industrial (cogeneración)		
Puntal y leñas diversas especies	14-26 €/t c/c	24-36 €/t c/c
Restos de corta de diversas especies	6-16 €/t c/c	16-26 €/t c/c
Astilla de diversas especies	3-8 €/m <sup>3</sup>	8-13 €/m <sup>3</sup> *
Madera para leña		
Roble	24-35 €/t c/c	31-42 €/t c/c
Eucalipto	28-36 €/t c/c	35-43 €/t c/c
Otras	18-21 €/t c/c	25-28 €/t c/c

$\varnothing$  diámetro en punta delgada    c/c con corteza    s/c sin corteza

\* estéreo

NOTA: El precio de la madera de eucalipto para pasta de papel puede incrementarse de 3 a 7 euros por tonelada si se trata de madera certificada.

Estos precios tienen un fin exclusivamente orientativo para el productor de madera y han sido proporcionados por selvicultores e industrias de la madera de las cuatro provincias gallegas. Los márgenes de precios que se indican obedecen al precio mínimo y máximo de cada producto que ha sido facilitado. Desde aquí nuestro agradecimiento a todas las personas y las empresas que han colaborado.

Para obtener los precios por tonelada en verde recién apeada con corteza, hay que dividir los precios de la tabla por los siguientes índices de conversión:

*Eucalyptus globulus*: 1,16. *Eucalyptus nitens*: 1,02, pinos: 1,00.

Para mayor información pueden dirigirse a las oficinas de la AFG. En la utilización de estos datos se ruega mencionar la fuente de información.



# Galiforest

## ABANCA

30 xuño - 2 xullo de 2016



# IV Monográfico Forestal Internacional para o Sur de Europa

Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude Boqueixón - Santiago de Compostela

[www.galiforest.com](http://www.galiforest.com)  
[facebook.com/galiforest](https://www.facebook.com/galiforest)



ORGANIZA:  Feira Internacional de Galicia ABANCA



ABANCA



DEPUTACIÓN PONTVEDRA



TRADER



XUNTA DE GALICIA

